Sobre as solicitudes de axudas para a recuperación dos montes tras os incendios producidos nas comarcas do Deza e de Tabeirós-Terra de Montes e as contías económicas a elas destinadas

- 53191 (12/PRE-019832)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor

Sobre a contía económica destinada pola Xunta de Galicia nos últimos dezasete anos a mellorar as instalacións do CEIP Raquel Camacho, da Coruña

- 53199 (12/PRE-019833)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel

Sobre a postura e a valoración do Goberno galego relativas á demanda da transferencia das competencias en materia de seguridade de encoros e á relocalización dos centros de control operativo das centrais hidroeléctricas

- 53200 (12/PRE-019834)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor

Sobre a contía económica destinada pola Xunta de Galicia nos últimos dezasete anos a mellorar as instalacións do CEIP Wenceslao Fernández Flórez, da Coruña

- 53208 (12/PRE-019835)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria

Sobre o estado de conservación das ruínas do castelo de Corbeiroa, en Sada, e as demandas da veciñanza verbo do seu acondicionamento e dos traballos necesarios para posibilitar o acceso a este ben patrimonial

- 53212 (12/PRE-019836)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor

Sobre a contía económica destinada pola Xunta de Galicia nos últimos dezasete anos a mellorar as instalacións do CEIP Francisco Javier, da Coruña

- 53216 (12/PRE-019837)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor



Sobre a contía económica destinada pola Xunta de Galicia nos últimos dezasete anos a mellorar as instalacións do CEIP Rosalía de Castro, da Coruña

- 53245 (12/PRE-019838)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o impacto dos traballos de limpeza de Augas de Galicia no río Ventoso á altura de Pardeso, en Forcarei, e as previsións da Xunta de Galicia en canto á reparación dos posibles danos causados no itinerario cultural que transcorre por esta parroquia

- 53247 (12/PRE-019839)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Longueira Castro, Silvia

Sobre o funcionamento da CSAG, a recente sentenza condenatoria pola súa vulneración dos dereitos fundamentais dunha traballadora e a postura da Xunta de Galicia ao respecto

- 53252 (12/PRE-019840)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor

Sobre a contía económica destinada pola Xunta de Galicia nos últimos dezasete anos a mellorar as instalacións do CEIP Sagrada Familia, da Coruña

- 53256 (12/PRE-019841)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor

Sobre a contía económica destinada pola Xunta de Galicia nos últimos dezasete anos a mellorar as instalacións do CEIP Sal Lence, da Coruña

- 53260 (12/PRE-019842)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor

Sobre a contía económica destinada pola Xunta de Galicia nos últimos dezasete anos a mellorar as instalacións do CEIP San Pedro de Visma, da Coruña

- 53264 (12/PRE-019843)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor

Sobre a contía económica destinada pola Xunta de Galicia nos últimos dezasete anos a mellorar as instalacións do CEIP Salgado Torres, da Coruña

- 53308 (12/PRE-019844)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel

Sobre os problemas de subministración eléctrica no concello de Ordes e as actuacións previstas pola Xunta de Galicia co obxectivo de abordar esta situación



- 53314 (12/PRE-019845)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago

Sobre a situación actual dos «espazos xoves», dependentes da Dirección Xeral de Xuventude, o nivel de desenvolvemento do seu potencial e as previsións de futuro da Xunta de Galicia para estes centros

- 53324 (12/PRE-019846)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre o nivel de demora no acceso ás probas de diagnóstico xenético preimplantacional realizadas na Unidade de Reprodución Asistida do CHUS

- 53328 (12/PRE-019847)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da mellora no funcionamento das probas de diagnóstico xenético preimplantacional na Unidade de Reprodución Asistida do CHUS

- 53331 (12/PRE-019848)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre o número actual de pacientes da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza que está en lista de agarda para a realización da proba de diagnóstico xenético preimplantacional no CHUS

- 53334 (12/PRE-019849)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre o número de especialistas que traballan actualmente na Unidade de Reprodución Asistida do CHUS para a realización da proba de diagnóstico xenético preimplantacional e a súa evolución nos últimos anos

- 53337 (12/PRE-019850)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre o tempo medio e o tempo máximo de agarda rexistrado actualmente para a realización da proba de diagnóstico xenético preimplantacional na Área Sanitaria de Santiago de Compostela e A Barbanza

- 53344 (12/PRE-019851)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as actuacións que o Goberno galego puxo en marcha para apoiar as empresas galegas ante os efectos do conflito de Oriente Medio

- 53351 (12/PRE-019852)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor



Sobre a contía económica destinada pola Xunta de Galicia nos últimos dezasete anos a mellorar as instalacións do CEIP Torre de Hércules, da Coruña

- 53355 (12/PRE-019853)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor

Sobre a contía económica destinada pola Xunta de Galicia nos últimos dezasete anos a mellorar as instalacións do CEIP Víctor López Seoane, da Coruña

- 53362 (12/PRE-019854)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre as medidas concretas que prevé poñer en marcha a Xunta de Galicia no que atinxe á dotación de pediatras do Centro de Saúde das Pontes

- 53367 (12/PRE-019855)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia canto á planificación e ao reforzamento do servizo de pediatría do Centro de Saúde das Pontes

- 53373 (12/PRE-019856)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a postura do Goberno galego en relación coa recuperación do proxecto da autovía VG-47 para garantir unha conexión eficiente entre o porto de Vilagarcía e a AP-9

- 53374 (12/PRE-019857)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre a dotación estrutural de prazas de pediatría que lle corresponde ao Centro de Saúde das Pontes e o número delas actualmente cubertas

- 53380 (12/PRE-019858)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria

Sobre a situación en que se atopan as infraestruturas do Hospital Psiquiátrico de Conxo, a súa atención ás persoas ingresadas e os plans de desinstitucionalización postos en marcha neste centro

- 53381 (12/PRE-019859)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno no que concirne á cobertura estable e permanente das dúas prazas de pediatría do Centro de Saúde das Pontes



- 53387 (12/PRE-019860)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Vidal Lamas, Sonia

Sobre os investimentos e as ferramentas do Goberno galego para a transformación do sector hortícola e o balance respecto da aplicación do Plan estratéxico da horta de Galicia 2023-2030

- 53390 (12/PRE-019861)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor

Sobre a contía económica destinada pola Xunta de Galicia nos últimos dezasete anos a mellorar as instalacións do CEIP Zalaeta, da Coruña

- 53394 (12/PRE-019862)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor

Sobre a contía económica destinada pola Xunta de Galicia nos últimos dezasete anos a mellorar as instalacións do CIFP Ánxel Casal, da Coruña

- 53398 (12/PRE-019863)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor

Sobre a contía económica destinada pola Xunta de Galicia nos últimos dezasete anos a mellorar as instalacións do CIFP Paseo das Pontes, da Coruña

- 53402 (12/PRE-019864)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Bouza Manso, Aitor

Sobre a contía económica destinada pola Xunta de Galicia nos últimos dezasete anos a mellorar as instalacións do CIFP de Imaxe e Son, da Coruña

- 53407 (12/PRE-019865)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre o grao de desenvolvemento das estratexias da Xunta de Galicia para a atención ás persoas que padecen a enfermidade de Huntington e as súas previsións e valoracións ao respecto

Admisión reconversión pregunta oral

- 48165 (12/PRE-018756)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar

Sobre o atraso na entrega dos títulos notariais definitivos da concentración parcelaria en Carnés e Cereixo, en Vimianzo, as causas e consecuencias da súa demora e as previsións respecto da súa finalización BOPG nº 330f2, do 09.02.2026

A Mesa acorda a súa reconversión, solicitada no doc. núm. 53415, en pregunta con resposta oral na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes.



- 48602 (12/PRE-018833)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as incidencias rexistradas nas instalacións da Escola de Educación Infantil Crespo Rivas, de Pontevedra, logo da inauguración dunhas obras de ampliación deste centro

BOPG nº 330f2, do 09.02.2026

A Mesa acorda a súa reconversión, solicitada no doc. núm. 53182, en pregunta con resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2026

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.2. Composición do Parlamento e dos seus órganos

2.2.5. Composición das comisións

COMISIÓN NON PERMANENTE ESPECIAL DE ESTUDIO PARA ABORDAR A PROPOSTA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DIANTE DA REFORMA DO SISTEMA DE FINANCIAMENTO

Constitución e composición da Comisión

A Comisión non permanente especial de estudo para abordar a proposta da Comunidade Autónoma de Galicia diante da reforma do sistema de financiamento, na súa sesión do 13 de marzo de 2026, adoptou os seguintes acordos:

Constitución da Comisión

- (12/COCE-000005)

Elección dos membros da Mesa

- (12/CEEM-000036)

Mesa:

Julio García Comesaña (P), presidente

Paula Prado del Río (P), vicepresidenta

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG), secretario

Vogais:

Raquel Arias Rodríguez (P)

María Elena Espinosa Mangana (S)

Jesús María Fernández Rosende (P)

Miguel Fidalgo Iglesias (P)

Patricia Iglesias Rey (S)



Óscar Insua Lema (BNG)
Armando Ojea Bouzo (M)
José Alberto Pazos Couñago (P)
Ana Belén Pontón Mondelo (BNG)
Noa Olalla Presas Bergantiños (BNG)
Olalla Rodil Fernández (BNG)
Manuel Santos Costa (P)
Cristina Sanz Arias (P)
Miguel Ángel Viso Diéguez (P)

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2026
María Montserrat Prado Cores
Vicepresidenta 2ª

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 24 de marzo de 2026, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar a súa sesión o próximo día 24 de marzo de 2026, ás 10.00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 17 de marzo 2026, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto 1. Texto lexislativo

Debate e votación do ditame, elaborado pola Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, sobre o proxecto de lei de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, pola que se establecen medidas de prevención e protección integral contra a violencia no Sistema de saúde de Galicia (doc. núm. 39099, 12/PL-000012)

Publicación do ditame da Comisión, BOPG nº 347f1, do 11.03.2026

Publicación de emendas e votos particulares, BOPG nº 347f1, do 11.03.2026

Punto 2. Comparecencia

53490 (12/CPP-000092)

Do conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, por petición propia, para informar sobre a modernización do modelo de Formación Profesional de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350f1, do 18.03.2026

Punto 3. Mocións

3.1 53301 (12/MOC-000110)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís



Sobe a planificación da Estratexia galega de infraestrutura verde e as razóns que xustifican que se exclúa da devandita estratexia a zona de amortecemento situada ao suroeste da serra do Careón (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm 20348, publicada no *BOPG* núm. 162f1, do 26 de febreiro de 2025, e debatida na sesión plenaria do 10 de marzo de 2026.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350f1, do 18.03.2026

3.2 53302 (12/MOC-000111)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino

Sobre as políticas do Goberno galego relativas á promoción da incorporación da mocidade ao agro e a xestión das axudas convocadas con estes obxectivos (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm 51159, publicada no *BOPG* núm. 341f1, do 26 de febreiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 10 de marzo de 2026.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350f1, do 18.03.2026

3.3 53434 (12/MOC-000112)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a capacidade asistencial dos servizos de urxencias hospitalarios de Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 44628, publicada no *BOPG* núm. 319f2, do 22 de xaneiro de 2026, e debatida na sesión plenaria do 10 de marzo de 2026.)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350f1, do 18.03.2026

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 692 (12/PNP-000055)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Pomar Tojo, Carmen María e oito deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que amplíe o prazo de consulta pública previa na tramitación do futuro regulamento de costas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 9f1, do 11.04.2024

4.2 37014 (12/PNP-002726)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Sanz Arias, Cristina e seis deputados/as máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe dirixir ao Goberno central para que traspoña a directiva europea relativa ao réxime de franquía do IVE destinado ás pequenas empresas e ao colectivo de autónomos/as

Publicación da iniciativa, BOPG nº 272f1, do 22.10.2025

4.3 51915 (12/PNP-003448)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia no referido á tramitación das axudas destinadas a paliar os danos nas explotacións agrarias, gandeiras e apícolas producidos polos incendios forestais do pasado verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 344f1, do 04.03.2026



4.4 52432 (12/PNP-003481)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Longueira Castro, Silvia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre as medidas que debe tomar a Xunta de Galicia para garantir unha maior eficacia do Bono Concilia Familia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 347f1, do 11.03.2026

4.5 52748 (12/PNP-003498)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre a proposta de resolución que se presenta co fin de manifestar unha postura de condena da actual intervención militar de EE UU e Israel en Irán e a favor da soberanía dos pobos e do dereito internacional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 347f1, do 11.03.2026

4.6 53014 (12/PNP-003509)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e vinte e catro deputados/as máis

Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego ante as ameazas que supón para o tecido produtivo galego a guerra de EE UU e Israel contra Irán

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 347f1, do 11.03.2026

Punto 5. Interpelacións

5.1 27455 (12/INT-001073)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre a postura do Goberno galego ante a demanda da actualización da Lei de normalización lingüística de 1983

Publicación da iniciativa, BOPG nº 214f2, do 25.06.2025

5.2 45650 (12/INT-001533)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel e dous deputados/as máis

Sobre as políticas que desenvolve a Xunta de Galicia co obxectivo de que a transición enerxética se faga desde unha óptica social e inclusiva

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f2, do 22.01.2026

5.3 50801 (12/INT-001715)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Bouza Manso, Aitor e Longueira Castro, Silvia

Sobre o estado das infraestruturas dos centros educativos públicos galegos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 341f1, do 26.02.2026

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

6.1 53532 (12/POPX-000075)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón



Sobre os problemas e as dificultades de acceso que se veñen producindo no Sistema sanitario público de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350f2, do 18.03.2026

6.2 53539 (12/POPX-000076)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as previsións do Goberno galego ante a suba dos prezos e o seu agravamento coa guerra en Oriente Medio

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350f1, do 18.03.2026

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 45405 (12/POP-006409)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a posibilidade de implementar unha tarxeta de transporte público intermodal con tarifa plana

Publicación da iniciativa, BOPG nº 319f3, do 22.01.2026

7.2 53540 (12/PUP-000203)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo e dez deputados/as máis

Sobre a valoración do impacto nas actividades asentadas no litoral galego dos cambios introducidos no Anteproxecto de real decreto polo que se modifica o Regulamento xeral de costas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350f2, do 18.03.2026

7.3 51618 (12/POP-007221)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Méndez López, Lara e dous deputados/as máis

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a apertura dun diálogo formal coa representación das persoas residentes e co persoal técnico da residencia das Gándaras, de Lugo, verbo do seu proxecto de reforma

Publicación da iniciativa, BOPG nº 344f3, do 04.03.2026

7.4 49746 (12/POP-006962)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Pérez, Moisés e oito deputados/as máis

Sobre as consecuencias do atraso na aprobación do Plan estatal de vivenda 2026-2030

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f2, do 19.02.2026

7.5 50442 (12/POP-007042)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre a calidade das actuais condicións asistenciais do Servizo de Coidados Paliativos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 336f2, do 19.02.2026



7.6 53527 (12/PUP-000201)

Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Castro Rey, Paloma

Sobre a postura do Goberno galego no que concirne ao papel que deben asumir as institucións galegas na recuperación, reparación e restauración da memoria democrática

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350f2, do 18.03.2026

7.7 53531 (12/PUP-000202)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a postura da Xunta de Galicia no que concirne á sentenza do Tribunal Supremo sobre o pazo de Meirás e ao recoñecemento do dereito da familia Franco a unha indemnización

Publicación da iniciativa, BOPG nº 350f2, do 18.03.2026

7.8 49543 (12/POP-006935)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e dous deputados/as máis

Sobre as accións previstas pola Consellería do Medio Rural para evitar a forte baixada dos prezos do leite en orixe que se prevé na sinatura dos contratos de finais de marzo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 332f3, do 11.02.2026

7.9 52004 (12/POP-007288)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Cendán Gayoso, María Nazaret e oito deputados/as máis

Sobre as axudas postas en marcha coas ordes do 16 e 18 de decembro de 2025 para os proxectos colectivos de restauración da biodiversidade e recuperación de hábitats mariños e costeiros

Publicación da iniciativa, BOPG nº 347f3, do 11.03.2026

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2026

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



Á Mesa do Parlamento

Silvia Longueira Castro e **Aitor Bouza Manso**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A cidade da Coruña conta con máis de vinte centros públicos de ensino, entre CEIP e IES. Esta rede está dando cobertura tanto ao alumnado da cidade como doutros concellos da contorna.

O Concello da Coruña leva a cabo as reparacións puntuais e de mantemento que son encomendas do Concello. Pero a lonxevidade dos inmobles é un dos factores que ano tras ano está a provocar que ANPAS, alumnos e profesorado estean a saír a manifestarse por acadar unhas infraestruturas dignas para a educación pública.

O pasado sábado 28 de febreiro, houbo manifestacións nalgúns cidades galegas reclamando algo que a Xunta de Galicia ven cortocircuitando desde fai tempo: reformas estruturais nos colexios que nunca chegan e acaban convertendo os edificios da educación pública en lugares que se afastan cada vez máis do que debería ser un entorno de estudo, análise e convivencia.

No Parlamento de Galicia en tódalas comisións de educación, e mesmo no Pleno, levamos iniciativas reclamando que se acometan obras na maioría dos edificios públicos educativos. E sempre obtemos ou ben respostas de fuxida cara adiante ou unha serie de datos nos que falan de contías que abranguen períodos determinados pero non unha información coherente, que nos indique que as nosas peticións serán tidas en conta, ou cando van ser atendidas.

Asinado o día 06/03/2026 ás
14:11
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 06/03/2026 ás
14:11
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Descoñecemos os criterios que actúan sobre a decisión de realizar as obras solicitadas por un centro ou por outro. Descoñecemos se terán algunha planificación sobre usos futuros ou accións concretas sobre os centros. E descoñecemos cando será a quenda para un colexio determinado, da nosa cidade, para acadar a solución ás necesidades. E mesmo se estamos a ser xustos, solicitando da Xunta a súa intervención cando levan invertido unha cantidade determinada de cartos nun centro concreto.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cantos cartos destinou a Xunta de Galicia, nos últimos 17 anos, a mellorar as instalacións do CEIP Concepción Arenal, da Coruña?

Santiago de Compostela, 6 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](#)



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 06/03/2026 14:11:39

Aitor Bouza Manso na data 06/03/2026 14:11:45



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 52927
Data envío: 06/03/2026 14:16:50.439

CSV: BOPGDSPG-yWPTXVWgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/03/2026 14:16:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 52927
Data envío: 06/03/2026 14:16:50.439

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

María Elena Espinosa Mangana, Silvia Longueira Castro e Paloma Castro Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **escrita**.

As mulleres representan case a metade da poboación mundial. Porén, a saúde feminina apenas capta arredor do 6 % do investimento privado en saúde. Esta realidade pon de manifesto que a saúde das mulleres continúa estando claramente infradotada en relación coa súa importancia para o benestar da poboación e para o desenvolvemento económico e social.

A pesar de representar case a metade da poboación do planeta, moitas das enfermidades que afectan de maneira específica ás mulleres, ou que requiren enfoques diferenciados, seguen recibindo unha atención limitada no ámbito da investigación, da innovación e do investimento sanitario.

Durante décadas, a fragmentación dos datos, os sesgos históricos na investigación biomédica, a escasa presenza de mulleres en postos de responsabilidade e toma de decisións, así como a falta de aliñamento nos incentivos dentro do sistema sanitario contribuíron a ocultar a verdadeira dimensión da saúde das mulleres.

Aínda que nos últimos tempos se produciron algúns avances no estudo diferenciado de homes e mulleres en medicina, en moitos ámbitos o progreso segue a ser insuficiente.

O modelo sanitario dominante continúa tomando como referencia o corpo masculino en todos os ámbitos: no diagnóstico, no terapéutico, na investigación.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.socialistas.gal)



Con todo, está amplamente demostrado que moitas enfermidades afectan con maior frecuencia ás mulleres, que outras se manifestan nelas con síntomas diferentes e que, en determinados casos, tamén responden de maneira distinta aos tratamentos.

Segundo a Organización Mundial da Saúde, as desigualdades en saúde son aquelas diferenzas que, ademais de existir, se consideran innecesarias, evitables e inxustas.

No ámbito sanitario existen diferenzas derivadas de factores biolóxicos e xenéticos que non poden considerarse inxustas. Porén, tamén existen outras nas que inflúen de maneira determinante factores culturais, estereotipos e roles de xénero marcados pola sociedade.

Estas desigualdades si son inxustas e, polo tanto, deben ser corrixidas desde as políticas públicas.

Garantir o dereito das mulleres a unha atención sanitaria de calidade, eficaz e baseada na equidade require incorporar de maneira real e efectiva a perspectiva de xénero nas políticas de saúde pública.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1. Está disposta a Xunta de Galicia a incorporar de maneira transversal a perspectiva de xénero no deseño, planificación, avaliación e execución das políticas de saúde pública no Sistema Público de Saúde?



2. Vai promover a Xunta de Galicia a recollida e análise sistemática de datos sanitarios desagregados por sexo, co obxectivo de identificar e reducir as desigualdades existentes na atención sanitaria?
3. Quere a Xunta de Galicia impulsar a investigación biomédica e sanitaria que teña en conta as diferenzas de sexo e xénero, favorecendo o estudo específico das enfermidades que afectan ás mulleres ou que presentan nelas características diferenciadas?
4. Desenvolverá a Xunta de Galicia programas de formación dirixidos ao persoal sanitario do Servizo Galego de Saúde para incorporar a perspectiva de xénero na práctica clínica, no diagnóstico e nos tratamentos?
5. Está disposta a Xunta de Galicia a elaborar e poñer en marcha unha estratexia galega para a atención integral da saúde das mulleres, que permita abordar de maneira coordinada a prevención, diagnóstico, tratamento e investigación das enfermidades que as afectan, e nomeadamente o que se refire á mellora do diagnóstico de enfermidades infradiagnosticadas en mulleres, ao programa de saúde menstrual e climaterio e á saúde mental con enfoque de xénero?

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2026



Asinado dixitalmente por:

Elena Espinosa Mangana na data 06/03/2026 14:33:29

Silvia Longueira Castro na data 06/03/2026 14:33:36

Paloma Castro Rey na data 06/03/2026 14:33:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 52935
Data envío: 06/03/2026 14:35:51.722

CSV: BOPGDSPG-yWPTXVWgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 06/03/2026 14:35:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 52935
Data envío: 06/03/2026 14:35:51.722

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 52939
Data envío: 09/03/2026 09:14:21.388

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de acometer obras no CEIP San Vincenzo de Vimianzo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A ANPA do CEIP San Vincenzo de Vimianzo acaba de facer público un comunicado no que pon de manifesto a necesidade de acometer reformas no centro de ensino, debido as numerosas deficiencias existentes. Destacan un episodio ocorrido no centro no que unha fiestra desmontouse e caeu ao patio do recreo, un feito grave que non tivo ningunha consecuencia de danos persoais, pero puido caerlle encima a calquera cativo. Tamén informan que pediron certificación do estado das instalacións e enviaron escritos poñendo de manifesto todas as deficiencias existentes no centro. Din que levan solicitado e pedido varias veces cita coa xefatura territorial pero que non reciben resposta, nin contestación aos escritos nin á petición dunha cita para ser escoitados.

A Consellería de Educación non está a atender debidamente os centros de ensino da costa da morte, xa que nos últimos meses vimos como numerosas ANPAS se levan queixando do estado e das deficiencias estruturais dos seus colexios. O caso de Vimianzo, non é un caso illado, son varios os centros de ensino que precisan de reformas completas porque as instalacións son vellas e teñen moitos anos, namentres a Consellería resolve os casos tarde e a contagotas e aproveita para sinalar aos concellos como os culpables de non facer os mantementos necesarios, como no caso dos colexios de Zas. A Consellería debe exercer as súas competencias e realizar un plan global para revisar o estado de todos os colexios da comarca e aumentar a partida orzamentaria para acometer todas as reformas necesarias que garantan un ensino de calidade e sobre todo seguro.

Asinado o día 09/03/2026 ás
09:12
Por Oscar Insua Lema





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 52939
Data envío: 09/03/2026 09:14:21.388

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Vai a Consellería de educación a realizar o investimento necesario este ano 2026 no centro CEIP San Vincenzo de Vimianzo para executar as obras de reforma necesarias para garantir os dereitos da comunidade educativa e ofrecer un ensino seguro e de calidade?

- Ten constancia a consellería de educación do estado no que se atopa este centro de ensino?

- Cantos escritos recibiu por parte da ANPA ?

- Déuselle algunha contestación por escrito á ANPA?

- Por que motivo a consellería non recibiu e lle dou unha cita á ANPA para escoitar as súas demandas?

- Existen informes técnicos da Consellería de Educación sobre o estado no que se atopa o CEIP San Vincenzo de Vimianzo?

- Considera necesario a Consellería executar este ano as obras solicitadas pola comunidade educativa?

- Ten partida orzamentaria a consellería para acometer estas obras de reforma?

-Vai a licitar a Xunta de Galiza, de forma inmediata, aló menos as obras máis urxentes no CEIP San Vincenzo de Vimianzo?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 09/03/2026 9:12:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 52939
Data envío: 09/03/2026 09:14:21.388

CSV: BOPGDSPG-yWPTXVWgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 9:14:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 52939
Data envío: 09/03/2026 09:14:21.388

CSV: BOPGDSPG-yWPTXVWgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o proxecto de Centro de Alto Rendemento Deportivo de Pontevedra.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presidente da Xunta anunciou en 2024 a creación dun Centro de Alto Rendemento Deportivo en Pontevedra, na zona de Cernadiñas Novas (parroquia de Santo André de Xeve), en terreos con unha superficie de 120.000 euros de titularidade comunal. O investimento previsto é de 36,8 millóns de euros.

O goberno galego tramitou esta iniciativa mediante un Proxecto de Interese Autonómico e licitou a finais de 2025 o contrato de servizos de redacción do proxecto de interese autonómico (PIA), así como a redacción do proxecto de parcelamento para a obtención do solo destinado á construción do futuro Centro de Alto Rendemento. O prazo de execución do contrato é de 16 meses.

A iniciativa está aínda nunha fase inicial e sería de interese que se desenvolvese coa máxima colaboración con outras institucións, nomeadamente co concello de Pontevedra e co goberno central. Tamén resulta de interese coñecer a complementariedade deste Centro de Alto Rendemento e Tecnificación co actual CGTD con sede en Pontevedra.

Por último, cómpre coñecer as xestións realizadas polo goberno galego co CSD para conseguir o recoñecemento oficial deste novo CAR, á par dos que xa existen no Estado.

Asinado o día 09/03/2026 ás
09:35
Por Luis Bará Torres





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que nivel de comunicación e acordos existen entre o goberno galego e outras administracións en relación co Centro de Alto Rendemento proxectado en Pontevedra?

Que acordos asinou a Xunta coa propiedade dos terreos para o desenvolvemento deste proxecto en monte comunal?

Fixo a Xunta estudos en relación coa mellora dos accesos viarios nesta zona da cidade, prevendo o desenvolvemento de novos equipamentos públicos e as necesidades de mellorar a mobilidade nesta área do concello de Pontevedra?

Vai afectar este novo proxecto do CAR ao actual Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra?

Cales son os prazos previstos pola Xunta para o desenvolvemento do proxecto e para a posta en funcionamento do CAR?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 09/03/2026 9:35:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 09:36:52
Nº Rexistro: 52951
Data envío: 09/03/2026 09:36:52.947

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 9:36:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 09:36:52
Nº Rexistro: 52951
Data envío: 09/03/2026 09:36:52.947

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á paralización das obras de reforma e humanización da AC-305 en Palmeira, concello de Ribeira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 5 de marzo de 2025 a Consellaría de Vivenda e Planificación de Infraestruturas anunciaba o inicio das obras de humanización da estrada AC-305 ao seu paso pola parroquia de Palmeira, no concello de Ribeira. Esta actuación, cun investimento de arredor de 3 millóns de euros e realizada en colaboración coa Fundación RIA, ten como obxectivo transformar esta travesía urbana mediante a ampliación das beirarrúas, a creación de novas zonas verdes, a renovación de servizos e a mellora da seguridade viaria ao longo dun tramo de máis dun quilómetro.

Esta intervención é importante para a parroquia de Palmeira e vai na liña dese novo modelo de cidade centrado nas persoas que estaba impulsado polo goberno do BNG e que o PP se apresurou a censurar debido ao apoio que estaba tendo.

Unha vez finalice a actuación gañaranse espazos públicos, incrementarase a seguridade viaria, crearanse espazos máis accesibles e incorporaranse novas zonas verdes, contribuíndo así a unha transformación evidente da travesía e a unha mellora da calidade de vida da veciñanza.

Segundo o anunciado pola propia Xunta de Galiza, os traballos teñen como horizonte de finalización o verán de 2026. Porén, exactamente un ano despois do inicio

Asinado o día 09/03/2026 ás
10:02
Por Rosana Pérez Fernández



das obras, a actuación atópase paralizada por existir “un problema puntual”, segundo declaracións da Consellaría aos medios de comunicación.

Esta situación está a provocar malestar entre a veciñanza da parroquia de Palmeira e tamén entre as persoas usuarias da estrada, xa que as obras implicaron durante meses a redución da circulación a un único carril regulado por semáforos. Ademais, malia estar paralizados os traballos, as restricións de tráfico continúan, o que incrementa as molestias para quen se despraza entre Ribeira e A Pobra do Caramiñal.

Ante esta situación, cómpre que a Consellaría de Vivenda e Planificación de Infraestruturas tome cartas no asunto, asuma as responsabilidades que lle corresponden na execución desta actuación e adopte as medidas necesarias para resolver os problemas existentes e axilizar o desenvolvemento das obras, co fin de minimizar as molestias á veciñanza e garantir o cumprimento dos prazos previstos.

Do mesmo xeito, resulta necesario que a cidadanía, sobre todo a veciñanza de Palmeira máis afectada, coñeza as causas da paralización das obras e se esta circunstancia pode afectar ao calendario previsto para a súa finalización.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que problemas concretos existen para que as obras de reforma e humanización da estrada AC-305 ao seu paso por Palmeira (Ribeira) se atopen actualmente paralizadas?

Vai a Consellaría de Vivenda e Planificación de Infraestruturas rematar estas obras no prazo inicialmente previsto de verán de 2026 ou prevé algún atraso na súa execución? De ser así, de canto tempo aproximado?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica.



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 09/03/2026 10:02:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 10:03:05
Nº Rexistro: 52956
Data envío: 09/03/2026 10:03:05.468

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 10:03:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 10:03:05
Nº Rexistro: 52956
Data envío: 09/03/2026 10:03:05.468

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a esixencia de a Xunta cumprir co Regulamento da Cámara e respectar os dereitos dos deputados e deputadas do BNG de acceso aos informes técnicos que avalaron as modificacións da Lei de patrimonio cultural de Galiza a través da Lei de medidas fiscais e administrativas de decembro de 2025.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En resposta a unha pregunta ao goberno formulada no pleno de xaneiro polo grupo parlamentario do BNG, o Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude respondeu que as modificacións da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza impulsadas a través da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, estaban sustentadas en diferentes informes técnicos.

O pasado 30 de xaneiro desde o BNG rexistramos, ao abeiro do disposto no artigo 9 do Regulamento da Cámara, acceso á “copia dos informes técnicos que avalaron os cambios feitos na Lei de patrimonio cultural de Galiza a través da Lei de medidas fiscais e administrativas, citados polo Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude na pregunta oral formulada polo BNG no pleno do 28 de xaneiro”.

Superado o tempo regulamentado e sen que o goberno da Xunta nos teña respondido á devandita solicitude de documentación, confírmase a falta de transparencia coa que está a actuar o goberno da Xunta e que está a ser reforzada polo veto do grupo parlamentario á petición de comparecencia do Director Xeral de Patrimonio Cultural na

Asinado o día 09/03/2026 ás
10:58
Por Mercedes Queixas Zas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Comisión 4ª de Educación e Cultura para explicar as auténticas razóns das modificacións da Lei de patrimonio cultural.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Por que o PP lle oculta ao BNG a copia dos informes técnicos que avalaron os cambios feitos na Lei de patrimonio cultural de Galiza a través da Lei de medidas fiscais e administrativas?
- Por que incumpre o goberno do PP o Regulamento da Cámara?
- Por que veta o PP a petición do BNG de comparecencia do Director xeral de patrimonio cultural na Comisión 4ª de Educación e Cultura?
- Por que vulnera o PP os dereitos dos deputados e deputadas do BNG impedindo o seu lexítimo dereito a acceder á documentación para cumprir co deber de fiscalización do goberno do grupo que lidera a oposición?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 09/03/2026 10:58:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 11:01:14
Nº Rexistro: 52962
Data envío: 09/03/2026 11:01:14.935

CSV: BOPGDSPG-yWPTXVWgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 11:01:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 11:01:14
Nº Rexistro: 52962
Data envío: 09/03/2026 11:01:14.935

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Patricia Iglesias Rey e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O proxecto industrial promovido pola multinacional Altri para a instalación dunha macrocelulosa en Galicia xerou unha profunda contestación social, ambiental e económica polo seu impacto sobre o territorio, os recursos hídricos e o modelo produtivo galego.

O arquivo do procedemento anunciado pola Xunta non resolve a cuestión de fondo nin impide que o proxecto poida ser reformulado e volver a tramitarse no futuro. Galicia precisa unha decisión firme e definitiva, non unha paralización provisional.

A isto engádese un feito de especial gravidade institucional: o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia vén de declarar que a desprotección ambiental dunha zona afectada polo proxecto careceu da motivación suficiente, estimando o recurso presentado por un grupo ecoloxista e obrigando á Administración a conservar a protección ambiental da área afectada.

Esta sentenza cuestiona directamente as decisións adoptadas pola Xunta no ámbito da planificación territorial e ambiental vinculada ao proxecto, evidenciando unha actuación administrativa que reduciu a protección dunha zona sen xustificación técnica suficiente.

Resulta extremadamente grave que, mentres se tramitaba un proxecto industrial de gran impacto, se producise a desprotección ambiental dunha área afectada,

Asinado o día 09/03/2026 ás
11:52
Por Lara Méndez López

Asinado o día 09/03/2026 ás
11:51
Por Patricia Iglesias Rey

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



xerando dúbidas sobre a neutralidade e obxectividade da actuación da Administración.

A todo isto súmase a existencia dun memorando de entendemento asinado en 2021 entre o presidente de Impulsa Galicia —daquela conselleiro de Economía e Industria— e o CEO de Altri, cuxo contido segue sen facerse público, malia a súa evidente transcendencia.

Galicia non pode permitir nin opacidade nin retrocesos na protección ambiental para favorecer proxectos industriais que non acreditan o cumprimento do principio de non causar dano significativo ao medio ambiente.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Vai a Xunta denegar definitivamente o proxecto industrial de Altri ou manter aberta a posibilidade da súa reapertura futura?
2. Como xustifica a Xunta a desprotección ambiental dunha zona afectada polo proxecto, agora anulada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia?
3. Que actuacións concretas vai adoptar para restaurar plenamente a protección da zona afectada?
4. Cumpre o proxecto o principio europeo de non causar dano significativo ao medio ambiente?
5. Por que motivo segue sen facerse público o memorando asinado en 2021 entre o presidente de Impulsa Galicia e o CEO de Altri?
6. Existiu relación entre a tramitación do proxecto industrial e a decisión administrativa de reducir a protección ambiental da zona?

Santiago de Compostela, 9 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 09/03/2026 11:51:59

Lara Méndez López na data 09/03/2026 11:52:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 11:57:31
Nº Rexistro: 52977
Data envío: 09/03/2026 11:57:31.023

CSV: BOPGDSPG-yWPTXVWgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 11:57:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 11:57:31
Nº Rexistro: 52977
Data envío: 09/03/2026 11:57:31.023

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as previsións da Xunta en relación coa construción da autovía Curro Baión.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En outubro de 2008 o DOG publicou a adxudicación do proxecto de trazado e construción da autovía Curro-Baión con un orzamento de 769.000 euros.

En xullo de 2009, o DOG publicou a decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de acondicionamento de trazado da obra da autovía Curro-Baión. Treito 1 Curro-enlace da costa.

Nos anos 2009-2010 o goberno galego incluíu esta autovía no Plan Move. O vial tiña unha lonxitude de 8,8 km, un investimento estimado de 122, 7 millóns de euros e unha previsión de remate no ano 2015

No mes de outubro de 2010 a Xunta fai pública a resolución pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o documento para información pública da obra autovía Curro-Baión, treito II: enlace de Costa-Baión. Adaptación do trazado entre o p.k. 1+930 ao 3+400.

No mes de xaneiro de 2011 o goberno galego adxudicou o primeiro treito da autovía AG47 Curro-Vilagarcía (Enlace de Curro-Enlace de Costa, de aprox 2 km de lonxitude) á UTE formada por FCC e COVSA por un importe de 13,2 millóns de euros.

Asinado o día 09/03/2026 ás
12:06
Por Luis Bará Torres



Ademais, tramitou os correspondentes expedientes de expropiación que supuxeron un investimento de máis de 300.000 euros.

Actualmente, dos 8,8 km proxectados, hai construído un treito de 2 km polo que nunca circulou un vehículo. Un exemplo escandaloso da parálise e do dispendio da Xunta do PP.

Despois de máis de 12 anos de parálise desta autovía, nas últimas semanas xurdiu de novo o debate sobre esta infraestrutura. No contexto da discusión sobre a Variante de Caldas e a conexión do Porto de Vilagarcía coa AP9, xurdiron voces que reclaman a recuperación do proxecto da autovía entre Curro e Baión (enlace coa N640).

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que previsións ten o goberno galego en relación coa construción da autovía Curro-Baión?

Como valora a Xunta o investimento realizado no primeiro treito desta autovía, que supuxo un investimento de máis de 13,5 millóns de euros?

Cal é o estado, o uso actual e a utilidade deste treito de aproximadamente 2 km que vai desde o nó de Curro até o lugar da Costa en Meis?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 09/03/2026 12:06:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 12:07:23
Nº Rexistro: 52980
Data envío: 09/03/2026 12:07:23.906

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 12:07:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 12:07:23
Nº Rexistro: 52980
Data envío: 09/03/2026 12:07:23.906

CSV: BOPGDSPG-yWPTXVWgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as melloras que debe realizar o Goberno galego na estrada PO-552 ao seu paso por Mougás e Pedornes, no concello de Oia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada PO-552, vía de competencia autonómica que vertebra o concello de Oia, soporta un tráfico diario estimado en 3.500 vehículos. Malia esta alta intensidade circulatoria, e malia ser unha vía esencial para a conectividade das parroquias costeiras, o Goberno galego mantén desde hai anos un desleixo institucional inaceptable cara Mougás e Pedornes.

A veciñanza destes dous lugares leva anos demandando unha mellora na mobilidade peonil na estrada. Xa no 2021, censurábase que a Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) investira case 1.000.000 de euros (concretamente 966.122,17€ segundo as contas da época) na substitución do lousado das beirarrúas existentes en Viladesuso e Santa María de Oia. Aquela obra, catalogada entón como un disparate económico, limitouse a unha mellora cosmética sen incluír saneamento, fibra óptica ou soterramento de cables, mentres se marxinaba ás parroquias que carecían dunha infraestrutura básica de peonil.

No ano 2026, cinco anos despois, a situación segue a ser exactamente a mesma: discriminación territorial e falta de seguridade. A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, hoxe baixo a dirección da Conselleira María Martínez Allegue, persiste no erro de priorizar o gasto suntuario onde xa hai servizos, en detrimento da construción de infraestrutura básica onde non existe.



A gravidade da situación agravouse co paso do tempo. A Asociación Veciñal de Mougás chegou a presentar unha solicitude formal ante o Concello, instando á Xunta de Galiza a avaliar os riscos específicos nos quilómetros 28 e 29 da PO-552. Neste tramo crítico, a falta de beirarrúas pon en perigo diario a usuarios vulnerables, especialmente nenos e nenas que utilizan o transporte escolar. A ausencia de sinalización horizontal e vertical adecuada, así como a inexistencia de paradas seguras e beirarrúas, converte este tramo nun foco de risco potencial para a integridade física dos veciños e veciñas.

Non é de recibo que a administración autonómica gaste millóns en "maquillar" beirarrúas que xa cumpren a súa función, mentres deixa ás parroquias de Mougás, Pedornes e o barrio do Porto sen dereito a camiñar seguras pola beira da estrada. A seguridade viaria non pode ser un privilexio dunhas parroquias fronte a outras.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten coñecemento o Goberno do estado no que se atopa a estrada PO552 ao seu paso por Oia?
- Cre o Goberno que é seguro para os peóns circular por esta estrada?
- Cre o Goberno que é seguro para as crianzas que usan o transporte escolar o estado desta estrada?
- Por que o Goberno galego non ten actuado antes?
- Pensa o Goberno desenvolver as actuacións necesarias na estrada PO552 que garantan para garantir un itinerario peonil continuo, seguro e accesible?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 09/03/2026 12:27:16



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 12:29:38
Nº Rexistro: 52984
Data envío: 09/03/2026 12:29:38,394

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 12:29:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 12:29:38
Nº Rexistro: 52984
Data envío: 09/03/2026 12:29:38,394

CSV: BOPGDSPG-yWPTXVWgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Silvia Longueira Castro e Aitor Bouza Manso, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A cidade da Coruña conta con máis de vinte centros públicos de ensino, entre CEIP e IES. Esta rede está dando cobertura tanto ao alumnado da cidade como doutros concellos da contorna.

O Concello da Coruña leva a cabo as reparacións puntuais e de mantemento que son encomendas do Concello. Pero a lonxevidade dos inmobles é un dos factores que ano tras ano está a provocar que ANPAS, alumnos e profesorado estean a saír a manifestarse por acadar unhas infraestruturas dignas para a educación pública.

O pasado sábado 28 de febreiro, houbo manifestacións nalgunhas cidades galegas reclamando algo que a Xunta de Galicia ven cortocircuitando desde fai tempo: reformas estruturais nos colexios que nunca chegan e acaban convertendo os edificios da educación pública en lugares que se afastan cada vez máis do que debería ser un entorno de estudo, análise e convivencia.

No Parlamento de Galicia en tódalas comisións de educación, e mesmo no Pleno, levamos iniciativas reclamando que se acometan obras na maioría dos edificios públicos educativos. E sempre obtemos ou ben respostas de fuxida cara adiante ou unha serie de datos nos que falan de contías que abranguen períodos determinados pero non unha información coherente, que nos indique que as nosas peticións serán tidas en conta, ou cando van ser atendidas.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)

Asinado o día 09/03/2026 ás
13:34
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 09/03/2026 ás
13:34
Por Silvia Longueira Castro



Descoñecemos os criterios que actúan sobre a decisión de realizar as obras solicitadas por un centro ou por outro. Descoñecemos se terán algunha planificación sobre usos futuros ou accións concretas sobre os centros. E descoñecemos cando será a quenda para un colexio determinado, da nosa cidade, para acadar a solución ás necesidades. E mesmo se estamos a ser xustos, solicitando da Xunta a súa intervención cando levan invertido unha cantidade determinada de cartos nun centro concreto.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cantos cartos destinou a Xunta de Galicia, nos últimos 17 anos, a mellorar as instalacións do CEIP Curros Enríquez, do Campo de Marte, da Coruña?

Santiago de Compostela, 9 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 09/03/2026 13:34:36

Aitor Bouza Manso na data 09/03/2026 13:34:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 13:48:38
Nº Rexistro: 52990
Data envío: 09/03/2026 13:48:38,975

CSV: BOPGDSPG-yWPTXVWgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 13:48:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 13:48:38
Nº Rexistro: 52990
Data envío: 09/03/2026 13:48:38,975

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Silvia Longueira Castro e **Aitor Bouza Manso**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A cidade da Coruña conta con máis de vinte centros públicos de ensino, entre CEIP e IES. Esta rede está dando cobertura tanto ao alumnado da cidade como doutros concellos da contorna.

O Concello da Coruña leva a cabo as reparacións puntuais e de mantemento que son encomendas do Concello. Pero a lonxevidade dos inmobles é un dos factores que ano tras ano está a provocar que ANPAS, alumnos e profesorado estean a saír a manifestarse por acadar unhas infraestruturas dignas para a educación pública.

O pasado sábado 28 de febreiro, houbo manifestacións nalgúns cidades galegas reclamando algo que a Xunta de Galicia ven cortocircuitando desde fai tempo: reformas estruturais nos colexios que nunca chegan e acaban convertendo os edificios da educación pública en lugares que se afastan cada vez máis do que debería ser un entorno de estudo, análise e convivencia.

No Parlamento de Galicia en tódalas comisións de educación, e mesmo no Pleno, levamos iniciativas reclamando que se acometan obras na maioría dos edificios públicos educativos. E sempre obtemos ou ben respostas de fuxida cara adiante ou unha serie de datos nos que falan de contías que abranguen períodos determinados pero non unha información coherente, que nos indique que as nosas peticións serán tidas en conta, ou cando van ser atendidas.

Asinado o día 09/03/2026 ás
13:45
Por Silvia Longueira Castro

Asinado o día 09/03/2026 ás
13:45
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Descoñecemos os criterios que actúan sobre a decisión de realizar as obras solicitadas por un centro ou por outro. Descoñecemos se terán algunha planificación sobre usos futuros ou accións concretas sobre os centros. E descoñecemos cando será a quenda para un colexio determinado, da nosa cidade, para acadar a solución ás necesidades. E mesmo se estamos a ser xustos, solicitando da Xunta a súa intervención cando levan invertido unha cantidade determinada de cartos nun centro concreto.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cantos cartos destinou a Xunta de Galicia, nos últimos 17 anos, a mellorar as instalacións do CEIP de Prácticas, no Paseo de Ronda, da Coruña?

Santiago de Compostela, 9 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 09/03/2026 13:45:47

Silvia Longueira Castro na data 09/03/2026 13:45:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 13:49:49
Nº Rexistro: 52994
Data envío: 09/03/2026 13:49:49.766

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 13:49:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 13:49:49
Nº Rexistro: 52994
Data envío: 09/03/2026 13:49:49.766

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Silvia Longueira Castro e **Aitor Bouza Manso**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A cidade da Coruña conta con máis de vinte centros públicos de ensino, entre CEIP e IES. Esta rede está dando cobertura tanto ao alumnado da cidade como doutros concellos da contorna.

O Concello da Coruña leva a cabo as reparacións puntuais e de mantemento que son encomendas do Concello. Pero a lonxevidade dos inmobles é un dos factores que ano tras ano está a provocar que ANPAS, alumnos e profesorado estean a saír a manifestarse por acadar unhas infraestruturas dignas para a educación pública.

O pasado sábado 28 de febreiro, houbo manifestacións nalgúns cidades galegas reclamando algo que a Xunta de Galicia ven cortocircuitando desde fai tempo: reformas estruturais nos colexios que nunca chegan e acaban convertendo os edificios da educación pública en lugares que se afastan cada vez máis do que debería ser un entorno de estudo, análise e convivencia.

No Parlamento de Galicia en tódalas comisións de educación, e mesmo no Pleno, levamos iniciativas reclamando que se acometan obras na maioría dos edificios públicos educativos. E sempre obtemos ou ben respostas de fuxida cara adiante ou unha serie de datos nos que falan de contías que abranguen períodos determinados pero non unha información coherente, que nos indique que as nosas peticións serán tidas en conta, ou cando van ser atendidas.

Asinado o día 09/03/2026 ás
14:05
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 09/03/2026 ás
14:05
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Descoñecemos os criterios que actúan sobre a decisión de realizar as obras solicitadas por un centro ou por outro. Descoñecemos se terán algunha planificación sobre usos futuros ou accións concretas sobre os centros. E descoñecemos cando será a quenda para un colexio determinado, da nosa cidade, para acadar a solución ás necesidades. E mesmo se estamos a ser xustos, solicitando da Xunta a súa intervención cando levan invertido unha cantidade determinada de cartos nun centro concreto.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cantos cartos destinou a Xunta de Galicia, nos últimos 17 anos, a mellorar as instalacións do CEIP Emilia Pardo Bazán, na Travesía dos Rosales, da Coruña?

Santiago de Compostela, 9 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 09/03/2026 14:05:00

Aitor Bouza Manso na data 09/03/2026 14:05:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 52998
Data envío: 09/03/2026 14:07:00.094

CSV: BOPGDSPG-yWPTXVWgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 14:07:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 52998
Data envío: 09/03/2026 14:07:00.094

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Silvia Longueira Castro e **Aitor Bouza Manso**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A cidade da Coruña conta con máis de vinte centros públicos de ensino, entre CEIP e IES. Esta rede está dando cobertura tanto ao alumnado da cidade como doutros concellos da contorna.

O Concello da Coruña leva a cabo as reparacións puntuais e de mantemento que son encomendas do Concello. Pero a lonxevidade dos inmobles é un dos factores que ano tras ano está a provocar que ANPAS, alumnos e profesorado estean a saír a manifestarse por acadar unhas infraestruturas dignas para a educación pública.

O pasado sábado 28 de febreiro, houbo manifestacións nalgúns cidades galegas reclamando algo que a Xunta de Galicia ven cortocircuitando desde fai tempo: reformas estruturais nos colexios que nunca chegan e acaban convertendo os edificios da educación pública en lugares que se afastan cada vez máis do que debería ser un entorno de estudo, análise e convivencia.

No Parlamento de Galicia en tódalas comisións de educación, e mesmo no Pleno, levamos iniciativas reclamando que se acometan obras na maioría dos edificios públicos educativos. E sempre obtemos ou ben respostas de fuxida cara adiante ou unha serie de datos nos que falan de contías que abranguen períodos determinados pero non unha información coherente, que nos indique que as nosas peticións serán tidas en conta, ou cando van ser atendidas.

Asinado o día 09/03/2026 ás
15:54
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 09/03/2026 ás
15:54
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Descoñecemos os criterios que actúan sobre a decisión de realizar as obras solicitadas por un centro ou por outro. Descoñecemos se terán algunha planificación sobre usos futuros ou accións concretas sobre os centros. E descoñecemos cando será a quenda para un colexio determinado, da nosa cidade, para acadar a solución ás necesidades. E mesmo se estamos a ser xustos, solicitando da Xunta a súa intervención cando levan invertido unha cantidade determinada de cartos nun centro concreto.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cantos cartos destinou a Xunta de Galicia, nos últimos 17 anos, a mellorar as instalacións do CEIP Eusebio da Guarda, na Praza de Pontevedra, da Coruña?

Santiago de Compostela, 9 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 09/03/2026 15:54:27

Aitor Bouza Manso na data 09/03/2026 15:54:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53003
Data envío: 09/03/2026 15:56:31.520

CSV: BOPGDSPG-yWPTXVWgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 15:56:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53003
Data envío: 09/03/2026 15:56:31.520

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o impacto no tecido produtivo galego da guerra perpetrada polos Estados Unidos e Israel sobre o Irán.


EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A escalada do conflito en Asia Suroccidental, cos ataques ilegais dos Estados Unidos e Israel ao Irán, está a provocar unha onda de choque nos mercados enerxéticos globais cuxos efectos xa son visibles en Galiza:

- **Combustíbeis:** Nunha soa semana, o prezo medio da gasolina 95 subiu 10 céntimos/litro (ata 1,60 €) e o gasóleo A case 20 céntimos (ata 1,64 €). Encher un depósito de 50 litros custa agora entre 5 e 9 euros máis, pode apreciarse a subida na imaxe da gráfica seguinte (Figura elaborada e recollida en Praza.gal).

Asinado o día 09/03/2026 ás
16:58
Por Brais Ruanova Vilas-Boas





- **Gas e electricidade:** O gas natural incrementouse un 45% nos mercados internacionais, presionando ao alza as tarifas industriais.

- **Loxística internacional:** O risco de peche do Estreito de Ormuz está a forzar a reconfiguración de rutas navieiras, encarecendo os fretes e alongando os tempos de entrega.

Galiza ten un tecido produtivo altamente dependente do transporte e da exportación, o que o fai especialmente sensible a estas perturbacións, agravado porque a meirande parte do propio tecido produtivo do país son PEMES e microempresas, as cales teñen un diferencial de gasto/beneficio moito máis axustado que unha grande empresa.

Entre aqueles sectores que poden verse máis comprometidos están o sector da automoción pola súa dependencia das cadeas de subministro externas, derivadas dunha deslocalización dos pedidos por parte da empresa matriz; o sector mar-industria no que



ten haber coa importación de materia prima e na dependencia dos custos do combustible para a actividade primaria de baixura e do cerco; o subsector da loxística industrial e do transporte de mercadorías que depende en até un 35% do custo dos combustibles.

Segundo expertos do Idega-USC e da UVigo, de manterse esta tendencia, poderíase activar unha **reacción en cadea**: maior inflación (>2%), presión sobre os tipos de interese e caída do consumo, afectando ao conxunto da economía galega.

Neste escenario, o Goberno galego non pode limitarse a trasladar demandas ao Estado. Ten a competencia e a responsabilidade de activar ferramentas propias de apoio á industria (Igape, Inega, etc.), de coordinar respostas sectoriais para evitar efectos asimétricos e de se anticipar a diferentes escenarios de prolongación da guerra para minimizar o impacto sobre o noso tecido produtivo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten avaliado o Goberno o impacto que vai supoñer a escalada de prezos derivada da guerra en Asia Suroccidental?
- Que medidas ten pensado despregar o Goberno para o sector industrial que minimicen o seu impacto?
- Cando e como ten pensado o Goberno dialogar cos sectores produtivos para avaliar medidas protectoras ante dito impacto?
- Cre o Goberno que o sector industrial galego precisa de maior soberanía e de blindar cadeas de subministro a nivel local, sempre que sexa posible?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Pensa o Goberno galego instar ao Goberno central a despregar medidas de bonificación dos carburantes para profesionais? Pensa o Goberno galego despregar, dentro das súas competencias, bonificacións semellantes?

- Valora o Goberno avalar os sobrtrecustos de fretes para PEMES galegas? E os custos de almacenaxe de stock imprevisto?

- Pensa o Goberno galego pronunciarse polo fin da guerra dos Estados Unidos e Israel contra o Iran?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 09/03/2026 16:58:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 17:16:33
Nº Rexistro: 53017
Data envío: 09/03/2026 17:16:33,547

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 17:16:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/03/2026 17:16:33
Nº Rexistro: 53017
Data envío: 09/03/2026 17:16:33,547

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a adopción de medidas que garantan o mantemento dos servizos públicos ante a subida dos prezos do combustible.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai dez días que comezou o ataque coordinado entre o estado sionista de Israel e os EUA en contra do Irán, supoñendo un agravamento da escalada bélica no Oriente Medio e representando unha ameaza directa á paz e a seguranza a nivel internacional. Estes ataques son, máis unha vez, unha acción unilateral, contraria ao Dereito internacional e unha flagrante violación da Carta das Nacións Unidas. E engádense as agresións imperialistas xa emprendidas contra A Siria, O Iemen e O Líbano, inseridas dentro dunha estratexia de terror e destrución que ten no brutal xenocidio en curso en Gaza e a limpeza étnica e réxime de apartheid no conxunto da Palestina o seu maior expoñente.

Esta actuación dos EUA, ten un denominador común con outras que están levando a cabo na América Latina (Venezuela, Colombia, México, Cuba...) e Grenlandia, accións que teñen como obxectivo buscar o control das fontes de enerxía e dos recursos minerais máis demandados no mundo. Igual que aconteceu no comezo da guerra en Ucraína, era previsible que os prezos da enerxía subiran de forma abrupta, nun contexto no que os estados europeos son máis dependentes das subministracións de petróleo e gas controladas polos EUA e polo seu oligopolio internacional, unha vez que estes lograron eliminar as relacións comerciais e económicas de Europa con Rusia, unha

Asinado o día 09/03/2026 ás
18:33
Por Oscar Insua Lema





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das antigas grandes proveedoras. O negocio do petróleo estalles a saír redondo sen importarlles o máis mínimo a xente inocente que morre a diario, o que reflexa un atroz desprezo pola vida humana, ou as penosidades que sofren as persoas máis vulnerables en todo o mundo por non dispor de recursos suficientes para afrontar situacións onde é fundamental o uso da enerxía, ou a vulneración de tratados e do dereito internacional.

O prezo do petróleo Brent, de referencia en Europa, disparouse máis dun 15% até os 107 dólares por barril (aproximadamente 98 euros por barril) ante a escalada militar en Oriente Próximo. Durante a madrugada de hoxe chegou mesmo a superar momentaneamente os 115 dólares por barril (uns 105 euros). Namentres o gas europeo tamén rexistrou fortes subidas nun contexto marcado polo risco para o transporte enerxético no estreito de Ormuz.

A repercusión nos prezos dos combustibles non se fixo esperar, o prezo do gasoil aumentou ata 43 céntimos por litro en apenas sete días, medrou por enriba do 11% nas provincias de Ourense e Lugo, onde cotiza a 1,803 e 1,783 euros de media, respectivamente. Na provincia de Pontevedra o incremento foi do 10%, até os 1,77 euros de media o litro, e na Coruña os prezos encarecéronse outro 10,2%. O prezo da gasolina 95 que subiu ata 28 céntimo no mesmo período, a máis usada entre os coches de recente matriculación ou os híbridos con combustión, tamén aumentou de forma moi significativa. O litro págase agora en Pontevedra un 3,7% máis caro de media, outro 5,08% máis en Ourense ou un 5,07% máis en Lugo. O prezo do gasoil calefacción tipo C, incrementouse nesta semana a valores moi elevados que superan os 1,5 € por litro. Estes prezos son totalmente desorbitados, tendo en conta que se lle van a aplicar a subministracións de combustibles que proceden das reservas existentes e non das futuras subministracións que serían as que encarecerían os prezos, o que é un auténtico abuso das grandes enerxéticas sobre os prezos de mercado para seguir facendo negocio á conta das guerras que orixinan de forma unilateral.



As consecuencias nas pequenas economías das familias son desastrosas, ao igual que para as pequenas e medianas empresas, porque encarecen os prezos dos produtos cando os ingresos non aumentan. O mesmo acontece para as administracións, sobre todo para as máis pequenas, os concellos, que levan arrastrando un problema de infrafinanciación e que lles resultas moi difícil afrontar gastos non previstos nos seus raquíuticos orzamentos. non hai que esquecer que estes son os que prestan os servizos públicos máis básicos aos cidadáns como limpeza viarias ou recollidas de lixo; tamén son os que abonan directamente o gasto de calefacción nos edificios municipais, entre os que se atopan escolas infantís e algúns centros de ensino, ademais de centros sociais destinados ás persoas maiores. Estes custos repercuten directamente na economía local e provocarán que haxa que facer transferencias doutras partidas orzamentarias, que minguarán, para facer fronte a esta subida desorbitada de prezos da enerxía.

Por todo o exposto anteriormente, formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Que medidas vai a tomar o goberno galego de forma inmediata para paliar o actual afogo económico dos concellos producido pola subida desorbitada e inxusta dos prezos dos combustíbeis e da enerxía, e polo seu insuficiente financiamento?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 09/03/2026 18:33:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53033
Data envío: 09/03/2026 18:33:59.764

CSV: BOPGDSPG-yWPTXVWgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 18:34:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53033
Data envío: 09/03/2026 18:33:59.764

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas a implementar para paliar os efectos que as agresións ilegais de Estados Unidos e Israel a Irán están a ter na actividade do sector pesqueiro galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O sector pesqueiro galego é, pola súa relevancia económica, laboral e social, fundamental para o noso país no seu conxunto e, en particular, para comarcas costeiras enteiras onde non só dependen del miles de postos de traballo directos senón tamén un importantísimo número de actividades e de emprego indirecto.

Malia ás políticas pesqueiras das distintas administracións nas últimas décadas, que levaron ao despezamento e ao abandono da actividade dunha parte importante da frota galega, a súa relevancia, sobre todo en facturación, é aínda moi destacábel dentro da Unión Europea e dende logo no conxunto do Estado español.

O sector pesqueiro galego ten enfrontado múltiples problemáticas ao longo do tempo, a maior parte derivadas de decisións políticas moi cuestionábeis, e en todos elas ten levado a cabo enormes esforzos para superalas, aínda que con altísimos custos en moitos casos.

Só a modo de exemplo, vén sendo sometido a cada vez maiores restricións nas posibilidades de pesca e a unha hiperregulación que dificulta cada vez máis o seu traballo e que é descoñecida na maioría dos sectores da actividade económica, mentres as importacións e o desenvolvemento das frotas de terceiros países seguen a medrar de

Asinado o día 09/03/2026 ás
18:59
Por Rosana Pérez Fernández





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xeito exponencial; a falla de remuda xeracional, ata o punto de provocar mesmo o amarre de buques, converteuse xa nunha eiva crónica á que as administracións non son quen de enfrontar con medidas estruturais e eficaces; as consecuencias que xa vén tendo o cambio climático, nomeadamente nalgúñas especies do seu especial interese, só se enfocan dende o punto de vista medioambiental e nunca tendo en conta os aspectos sociais e económicos; ou as consecuencias de crises graves e máis recentes, como a do Brexit e a pandemia do Covid-19, que tiveron efectos negativos que aínda se arrastran e que contribuíron á perda de buques, de postos de traballo e a incrementar a incerteza sobre a viabilidade de moitas empresas pesqueiras e de moitos traballadores do mar.

E é neste contexto, xa de por si moi complicado, onde se encadran as dificultades a maiores que o sector pesqueiro ten que atender por mor do ataque imperialista e totalmente á marxe da legalidade internacional dos Estados Unidos e de Israel a Irán.

O desprezo reiterado dos gobernos de Estados Unidos e de Israel á soberanía de distintas nacións, neste caso de Irán, xa se está a traducir en graves consecuencias para o resto do mundo, máis alá das propias que xa está a padecer directamente a poboación iraniana. E así, a desestabilización que están a conseguir provocar xa a estamos a vivir de xeito real coa suba desorbitada dos carburantes, que aínda se pode agravar e afectar a moitas outras actividades que nos inflúen na nosa vida diaria.

Deste xeito, o combustíbel pesqueiro disparouse un 40% nas últimas semanas e moitos dos insumos empregados na actividade, que proceden maioritariamente do continente asiático, comezan a escasear, engadindo maiores obstáculos aos xa existentes e todo elo tendo en conta que a pesca non pode repercutir no cliente o custo que lle supón a produción.



Polo tanto, ao igual que xa veñen de facer outros países da nosa contorna, como Portugal, tanto o Estado español como o propio Goberno galego deben tomar medidas inmediatas para tratar de frear os efectos negativos que xa está a traer a guerra para todo o sector pesqueiro galego.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai a Xunta de Galiza da situación que está a vivir o sector pesqueiro nas últimas semanas por mor do incremento dos custos operativos, dos prezos dos carburantes e das dificultades loxísticas que están a soportar?

. Ten avaliado ou estimado o impacto que estas circunstancias xa están a provocar no sector? De ser así, cales son as previsións desas estimacións?

. Que medidas está a levar, ou vai levar a cabo no inmediato, para paliar as consecuencias derivadas da agresión ilegal de Estados Unidos e Israel a Irán e a expansión desta crise polo resto de Oriente Medio que xa están a afectar ao sector pesqueiro e á súa viabilidade?

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2026



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 09/03/2026 18:59:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53035
Data envío: 09/03/2026 19:01:51.570

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 19:01:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53035
Data envío: 09/03/2026 19:01:51.570

CSV: BOPGDSPG-yWPTXVWgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ao aumento dos recursos destinados á sanidade privada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O recente informe do Ministerio de Sanidade, “Avaliación da sanidade privada no sistema sanitario no Estado español” (decembro de 2025), ofrece unha análise detallada da evolución, dotación, actividade e financiamento dos sistemas sanitarios público e privado no conxunto do Estado. Os datos referidos a Galiza, extraídos deste informe, conclúen que na última década tense producido un incremento da penetración dos centros sanitarios privados baixo o paraugas da Sanidade Pública, así como que os procedementos de máis alto custe realízanse, case na totalidade, en centros sanitarios públicos.

En primeiro lugar, o informe constata que o medre dos seguros privados nos últimos anos, situándose no 24%, aumentando entre 2018 e 2024 un 166%

Pon tamén en evidencia o aumento do peso dos concertos coa sanidade privada dentro do propio Sistema Nacional de Saúde. O medre da sanidade privada, en gran medida, a costa do financiamento público. Galicia sitúase como unha das comunidades cunha maior proporción de equipamentos de alta tecnoloxía diagnóstica (como resonancias magnéticas ou TAC) en centros privados concertados, o que indica unha dependencia significativa destas fórmulas de colaboración para completar a oferta asistencial pública. Outro dato do informe é que o 40.1% das altas hospitalarias privadas

Asinado o día 09/03/2026 ás
18:59
Por María Montserrat Prado Cores





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

son financiadas con fondos públicos ou que o 50.7% das cirurxías maiores ambulatorias realizadas en centros privados fináncianse con fondos públicos ou o 10% da hospitalización de día.

O informe do Ministerio, baseándose en numerosos estudos científicos, advirte que non existe evidencia favorábel á privatización de servizos sanitarios en termos de eficiencia e calidade, e que, polo contrario, os modelos de xestión pública directa adoitan presentar mellores resultados en saúde desde unha perspectiva de equidade, así como un uso máis eficiente dos recursos.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Cos datos que reflicte o informe do Ministerio de Sanidade, "Avaliación da sanidade privada no sistema sanitario no Estado español" non considera preciso poñer en marcha de inmediato todas as medidas precisas para a reversión dos concertos sanitarios con entidades privadas?

Cal é a razóns que as derivacións sexan especialmente aqueles referidos a probas diagnósticas e procedementos cirúrxicos de baixa complexidade?

A derivación responde a estritas necesidades asistenciais sobrevidas e a criterios de eficiencia, ou a facilitarlle o negocio ás empresas privadas da sanidade?

Non considera preciso tomar medidas para aumentar a capacidade resolutiva da sanidade pública e a dotación de recursos propios, co obxectivo de diminuír ao mínimo, e con motivación xustificada, a derivación de pacientes á sanidade privada?

Ten feito algunha avaliación de Resultados en Saúde e Eficiencia dos Concertos?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten feito algunha avaliación periódica e comparativa da calidade asistencial, os resultados en saúde e a eficiencia económica dos hospitais e centros privados con concerto?

De ser así, cal é o resultado?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 09/03/2026 18:59:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53043
Data envío: 09/03/2026 19:10:20.043

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/03/2026 19:10:20



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 09:30:00
Nº Rexistro: 53043
Data envío: 09/03/2026 19:10:20.043

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 09:33:07
Nº Rexistro: 53052
Data envío: 10/03/2026 09:33:07,725

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a protección por parte da Xunta de Galiza do patrimonio histórico e memorial de Celanova.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na fachada do Mosteiro de San Salvador de Celanova, no concello de Celanova, consérvase unha pintada histórica coa inscrición “*Adiante / Semanario*”, realizada nos primeiros anos da década de 1930 por membros das Mocidades Galeguistas.

Esta pintada estaba vinculada á difusión do xornal *Adiante*, órgano de expresión das Mocidades Galeguistas durante a Segunda República, e constitúe un dos poucos vestixios materiais conservados da actividade política e cultural do galeguismo daquela época no espazo público. Entre as persoas que participaron na súa realización figuran destacados referentes do galeguismo e da cultura galega como Pepe Velo e Celso Emilio Ferreiro, ambos moi vinculados á vila de Celanova.

O feito de que esta pintada sobrevivise durante máis de noventa anos, mesmo durante á ditadura franquista, converteuna nun símbolo singular da memoria democrática e do patrimonio histórico de Galiza. Trátase, ademais, dun elemento situado nun inmovble de extraordinario valor patrimonial como é o Mosteiro de Celanova, un dos conxuntos monumentais máis relevantes do país.

Nos últimos días diferentes medios de comunicación e redes sociais recolleron a realización de actuacións sobre a fachada que afectaron parcialmente á meritada, presuntamente realizadas con ocasión da rodaxe dunha produción audiovisual na contorna

Asinado o día 10/03/2026 ás
09:31
Por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro



do mosteiro e coa finalidade de modificar o fondo escenográfico dunha escena.

De confirmarse estes feitos, estaríamos ante unha intervención que podería supoñer a alteración dun elemento de valor histórico e memorial que forma parte do patrimonio cultural de Galiza, o que suscita preocupación sobre as garantías efectivas de protección e conservación deste tipo de vestixios históricos.

Cómpre lembrar que a protección, conservación e defensa do patrimonio cultural galego constitúe unha responsabilidade pública que corresponde ás administracións competentes, en particular á Xunta de Galiza no exercicio das súas competencias en materia de patrimonio cultural.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Ten coñecemento a Xunta de Galiza da realización de actuacións sobre a “pintada” histórica das Mocidades Galeguistas situada na fachada do Mosteiro de Celanova, e no seu caso, a autoría e alcance da mesma?
- Conta este elemento histórico con algún tipo de catalogación, inventario ou protección específica no marco da normativa de patrimonio cultural de Galiza?
- Foi informada a Xunta de Galiza da realización dunha rodaxe audiovisual na contorna do Mosteiro de Celanova que puidese afectar a elementos da súa fachada?
- Solicitouse ou concedeu algunha autorización administrativa para realizar intervencións ou modificacións temporais na fachada do mosteiro durante os traballos de rodaxe?
- No caso de confirmarse a existencia de danos ou alteracións na pintada, que actuacións prevé adoptar a Xunta de Galiza para garantir a súa restauración e a depuración das posibles responsabilidades?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 09:33:07
Nº Rexistro: 53052
Data envío: 10/03/2026 09:33:07,725

- Ten previsto a Xunta de Galiza adoptar medidas específicas para garantir a protección e conservación deste elemento singular da memoria histórica e cultural de Galiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 10/03/2026 9:31:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 09:33:07
Nº Rexistro: 53052
Data envío: 10/03/2026 09:33:07,725

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 9:33:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 09:33:07
Nº Rexistro: 53052
Data envío: 10/03/2026 09:33:07.725

CSV: BOPGDSPG-yWPTXVWgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa á negociación da cota da sardiña entre os estados español e portugués para 2027 e á súa distribución dentro do Estado español.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Foron varias as ocasións ao longo dos últimos anos nas que este Grupo Parlamentario puxo de manifesto en sede parlamentaria as dificultades polas que vén atravesando a frota do cerco galego, sobre todo pola escaseza das principais especies peláxicas que son do seu interese, polas cada vez menores cotas asignadas e tamén polos prezos en orixe á baixa na maioría das ocasións.

Tanto foi así que a iniciativa do BNG, debatida o 15 de outubro de 2024 na Comisión de Pesca tivo o apoio unánime de todos os Grupos, que acordamos unha serie de propostas para tratar de minimizar a situación da frota do cerco e de artes menores.

Entre as medidas aprobadas daquela contemplabamos esixir ao Goberno do Estado español “a negociación dun reparto equitativo da cota da sardiña entre os Estados portugués e español, tendo en conta de cara ao novo acordo bilateral o número de buques e de tripulantes de cada un deles”.

O acordo entre os dous Estado reparte a cota total nunha porcentaxe do 33,5% para España e do 66,5% para Portugal. Deste xeito, no ano 2025 a cota total sumaba 51.738 toneladas autorizadas, das que 34.406 corresponderon a 132 embarcacións portuguesas e 17.332 a España. Destas, 10.132 asignáronselle ao caladoiro do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cantábrico Noroeste (o 58,4% do total de España para arredor de 230 barcos, 140 deles galegos), 445 para as artes menores que empregan o xeito e 6.755 (o 39% do total de España para 59 barcos) ao cerco do Golfo de Cádiz.

Tradicionalmente, o cerco do Cantábrico e Noroeste ten necesidades de consumo superiores á cota que se lles asigna, mentres que o xeito e o Golfo de Cádiz, que non chegan a consumila, veñen aportando o seu sobrante ao mecanismo de optimización (ou “bolsa común”) mediante o que, finalmente, se reasignan as cotas non consumidas.

No caso da cota de sardiña asignada a Portugal, tamén o Estado español se vén vendo na obriga de chegar a acordos e conseguir transferencia de sardiña a cambio doutras especies de interese para a frota portuguesa.

Polo tanto, non só é totalmente inxusto o reparto e a distribución da cota dentro das distintas zonas do propio Estado español, senón tamén entre os dous Estados porque, nin nun caso nin no outro se ten en conta onde están a maioría das embarcacións e dos tripulantes e, polo tanto, a maioría das necesidades, e ademais propíciense as transmisións ou transferencias temporais que non son máis que a compra de cota por parte da frota do Cantábrico e Noroeste a outras zonas onde nunca se chega a consumir, podendo dar lugar á especulación pola súa parte.

En canto ao acordo con Portugal, que está vixente dende o 2021 e vence neste 2026, xa se fixo público que os dous Estados comezaron as negociacións de cara á renovación do acordo de xestión da sardiña coa constitución dun grupo de traballo no que o Ministerio de Pesca parece que ten a intención de impulsar unha revisión do reparto actual e, dependendo do resultado da negociación, segundo el, analizará tamén a posibilidade dun novo reparto dentro do Estado.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por unha banda, un novo reparto máis equilibrado da cota da sardiña entre os dous Estados sería lóxica, respondería ás vellas reivindicacións da frota maioritaria do cerco no Estado, a galega, e podería facer xustiza, se atendemos ao volume de embarcacións de cada un deles. Por outra, un novo reparto de cota dentro do propio Estado español non só sería máis xusto, senón que é absolutamente imprescindible para atender equitativamente á frota con máis necesidades e eliminar o perverso sistema de transferencia/transmisión/compra-venda do ben público que constitúen os recursos pesqueiros, independentemente do resultado da negociación con Portugal.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

. Que valoración fai o Goberno galego da situación que están a vivir as frotas de cerco e artes menores de Galiza agravada cada vez máis pola falta de cota de sardiña?

. Que medidas ten levado a cabo dende outubro de 2024, data na que o Parlamento galego aprobou por unanimidade a iniciativa do Grupo Parlamentar do BNG na que se instaba á Xunta de Galiza a desenvolver un conxunto de accións determinadas para paliar a situación da frota do cerco e de artes menores de Galiza por falta de cota de sardiña, entre outras razóns?

. Que valoración fai do acordo entre os Estados español e portugués para o reparto da sardiña ibérica? Levou a cabo algunha actuación para que poida modificar e resultar máis equilibrado?

. Que valoración fai da distribución entre distintas zonas da cota de sardiña que corresponde ao Estado español? Que accións desenvolveu, ou vai desenvolver, para evitar que siga resultando discriminatorio para a frota galega?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera que o actual sistema de compravenda/ transferencia/ transmisión de cotas da sardiña debe ser eliminado da normativa vixente, por supoñer un lucro particular dun ben público como son os recursos pesqueiros? Se é así, que medidas tomou para tratar de que se efective a súa eliminación?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 10/03/2026 11:10:51



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 11:16:51
Nº Rexistro: 53063
Data envío: 10/03/2026 11:16:51.777

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 11:16:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 11:16:51
Nº Rexistro: 53063
Data envío: 10/03/2026 11:16:51.777

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a reorientación da estratexia industrial galega cara a sectores civís, sostíbles e de valor social, fronte á deriva armamentista.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Existe unha preocupación crecente pola orientación que está a tomar a política industrial do Goberno galego, tal e como se extrae do *Convenio 2025-1885* (coa Fundación EOI) para programas executivos en industria de defensa, da *Iniciativa Estratéxica en Seguridade, Defensa e Aeroespazo 2025-2030*, da *Guía de certificacións de seguridade, defensa e aeroespazo*, e da recente orde de axudas (código IN519G) para o *posicionamento de empresas galegas como subministradoras en materia de seguridade e defensa*.

Estes instrumentos evidencian un esforzo institucional significativo —cun orzamento confirmado de 183 millóns de euros e unha mobilización prevista de case 900 millóns— para vincular o tecido industrial galego ás cadeas de subministración do sector da defensa.

Aínda que se reconece a importancia do sector aeroespacial, e o seu impacto consolidado na diferenciación e especialización da industria galega, o Goberno galego está a priorizar a súa conexión coa industria militar, en liña coas directrices da UE e da OTAN, asumidas tamén polo Estado español, e en detrimento doutras liñas estratéxicas con importante impacto social, tecnolóxico e de soberanía para Galiza.

Asinado o día 10/03/2026 ás
12:32
Por Brais Ruanova Vilas-Boas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Galiza do presente e do futuro debe estar nunha posición antimilitarista e reafirmarse na súa oposición a unha economía que se nutre da guerra e da tensión xeopolítica. Porque non se pode pasar por alto que o que detrás desta deriva armamentista restán os recortes que se producirán nos servizos públicos e no detrimento doutras liñas industriais civís que consoliden o noso tecido produtivo cara o futuro.

O eixo da política industrial do Goberno galego debe priorizar o benestar da cidadanía, a cohesión territorial e o avance de xeración tecnolóxica propia e a aposta pola industria da defensa:

- 1.**Desvía recursos públicos** que poderían destinarse a sectores estratéxicos civís: enerxías renovables, economía circular, saúde, dependencia, agroecoloxía ou dixitalización con soberanía tecnolóxica.
- 2.**Vincula a Galiza a lóxicas bélicas** e a programas de armamento que contradín os valores de paz, cooperación e dereitos humanos.
- 3.**Concentra beneficios** en grandes corporacións e cadeas de subministración globais, sen garantir un retorno social, ambiental ou territorial equilibrado para o noso país.
- 4.**Expón ás pemes galegas** a requisitos de certificación complexos e custosos (PECAL, PERAM, NADCAP, etc.), que actúan como barreiras de entrada e poden xerar dependencias técnicas e financeiras.

A presenza de empresas galegas en sectores de alta tecnoloxía é un activo, mais o camiño non pode ser a súa subordinación a lóxicas militares. Galiza ten capacidades industriais, científicas e humanas para liderar transicións ecolóxicas, dixitais e sociais desde unha perspectiva civil, pacífica e de soberanía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Considera o Goberno galego que a guerra é unha oportunidade de negocio ética?
- Cre o Goberno que o papel de Galiza no mundo debe seguir a liña belicista marcada pola OTAN e os Estados Unidos?
- Como cre o Goberno galego que vai impactar a deriva belicista nas cadeas de valor galegas?
- Considera o Goberno axeitado priorizar as liñas de negocio vencelladas á economía da guerra fronte aquelas de carácter civil?
- Como e en canto cuantifica o Goberno o impacto económico para as empresas de capital galego da liña de negocios enmarcada en produtos vencellados á guerra?
- Cre o Goberno que a defensa da paz e a subministración de material bélico é contradictorio?
- Cre o Goberno que se aproveita da necesidade de ter emprego das galegas e galegos para facer un lavado de cara da industria militar?
- Considera o Goberno que é posible que os produtos e servizos desta liña de economía belicista poderían ser utilizados contra poboación civil?
- Considera o Goberno que os produtos e servizos desta liña de economía belicista poderían ser utilizados contra poboación galega?
- Por que non valora o Goberno destacar e diferenciarse tecnolóxica e produtivamente na economía civil cando o mundo está competindo na carreira armamentística?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 10/03/2026 12:32:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 12:34:53
Nº Rexistro: 53099
Data envío: 10/03/2026 12:34:53,333

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 12:34:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 12:34:53
Nº Rexistro: 53099
Data envío: 10/03/2026 12:34:53,333

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Silvia Longueira Castro e Aitor Bouza Manso, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A cidade da Coruña conta con máis de vinte centros públicos de ensino, entre CEIP e IES. Esta rede está dando cobertura tanto ao alumnado da cidade como doutros concellos da contorna.

O Concello da Coruña leva a cabo as reparacións puntuais e de mantemento que son encomendas do Concello. Pero a lonxevidade dos inmobles é un dos factores que ano tras ano está a provocar que ANPAS, alumnos e profesorado estean a saír a manifestarse por acadar unhas infraestruturas dignas para a educación pública.

O pasado sábado 28 de febreiro, houbo manifestacións nalgúns cidades galegas reclamando algo que a Xunta de Galicia ven cortocircuitando desde fai tempo: reformas estruturais nos colexios que nunca chegan e acaban convertendo os edificios da educación pública en lugares que se afastan cada vez máis do que debería ser un entorno de estudo, análise e convivencia.

No Parlamento de Galicia en tódalas comisións de educación, e mesmo no Pleno, levamos iniciativas reclamando que se acometan obras na maioría dos edificios públicos educativos. E sempre obtemos ou ben respostas de fuxida cara adiante ou unha serie de datos nos que falan de contías que abranguen períodos determinados pero non unha información coherente, que nos indique que as nosas peticións serán tidas en conta, ou cando van ser atendidas.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](#)

Asinado o día 10/03/2026 ás
13:21
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 10/03/2026 ás
13:21
Por Silvia Longueira Castro



Descoñecemos os criterios que actúan sobre a decisión de realizar as obras solicitadas por un centro ou por outro. Descoñecemos se terán algunha planificación sobre usos futuros ou accións concretas sobre os centros. E descoñecemos cando será a quenda para un colexio determinado, da nosa cidade, para acadar a solución ás necesidades. E mesmo se estamos a ser xustos, solicitando da Xunta a súa intervención cando levan invertido unha cantidade determinada de cartos nun centro concreto.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cantos cartos destinou a Xunta de Galicia, nos últimos 17 anos, a mellorar as instalacións do CEIP José Cornide Saavedra, na Avenida Sardiñeira, da Coruña?

Santiago de Compostela, 10 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 10/03/2026 13:21:49

Aitor Bouza Manso na data 10/03/2026 13:21:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 13:29:46
Nº Rexistro: 53109
Data envío: 10/03/2026 13:29:46,353

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 13:29:46
Nº Rexistro: 53109
Data envío: 10/03/2026 13:29:46,353

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 13:29:47

CSV: BOPGDSPG-yWPTXVWgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Silvia Longueira Castro e **Aitor Bouza Manso**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A cidade da Coruña conta con máis de vinte centros públicos de ensino, entre CEIP e IES. Esta rede está dando cobertura tanto ao alumnado da cidade como doutros concellos da contorna.

O Concello da Coruña leva a cabo as reparacións puntuais e de mantemento que son encomendas do Concello. Pero a lonxevidade dos inmobles é un dos factores que ano tras ano está a provocar que ANPAS, alumnos e profesorado estean a saír a manifestarse por acadar unhas infraestruturas dignas para a educación pública.

O pasado sábado 28 de febreiro, houbo manifestacións nalgúns cidades galegas reclamando algo que a Xunta de Galicia ven cortocircuitando desde fai tempo: reformas estruturais nos colexios que nunca chegan e acaban convertendo os edificios da educación pública en lugares que se afastan cada vez máis do que debería ser un entorno de estudo, análise e convivencia.

No Parlamento de Galicia en tódalas comisións de educación, e mesmo no Pleno, levamos iniciativas reclamando que se acometan obras na maioría dos edificios públicos educativos. E sempre obtemos ou ben respostas de fuxida cara adiante ou unha serie de datos nos que falan de contías que abranguen períodos determinados pero non unha información coherente, que nos indique que as nosas peticións serán tidas en conta, ou cando van ser atendidas.

Asinado o día 10/03/2026 ás
13:42
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 10/03/2026 ás
13:41
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Descoñecemos os criterios que actúan sobre a decisión de realizar as obras solicitadas por un centro ou por outro. Descoñecemos se terán algunha planificación sobre usos futuros ou accións concretas sobre os centros. E descoñecemos cando será a quenda para un colexio determinado, da nosa cidade, para acadar a solución ás necesidades. E mesmo se estamos a ser xustos, solicitando da Xunta a súa intervención cando levan invertido unha cantidade determinada de cartos nun centro concreto.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cantos cartos destinou a Xunta de Galicia, nos últimos 17 anos, a mellorar as instalacións do CEIP Juan Fernández Latorre, na Avenida Casanova de Eirís, da Coruña?

Santiago de Compostela, 10 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 10/03/2026 13:41:58

Aitor Bouza Manso na data 10/03/2026 13:42:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 13:47:38
Nº Rexistro: 53114
Data envío: 10/03/2026 13:47:38,177

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 13:47:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 13:47:38
Nº Rexistro: 53114
Data envío: 10/03/2026 13:47:38,177

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 13:48:22
Nº Rexistro: 53117
Data envío: 10/03/2026 13:48:22.203

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o cribado do cancro de mama en Galiza .

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O cancro de mama ten unha grande incidencia e prevalencia. Segundo os datos do Rexistro galego de tumores, no ano 2023 –ano máis recente do que hai datos publicados–, diagnosticáronse 2.396 novos casos en Galiza, o que supón o 32,5% dos diagnósticos en mulleres e o 13,8% da totalidade de novos tumores. Co incremento da supervivencia tamén aumenta a prevalencia, polo que son moitas as mulleres que a día de hoxe conviven coa enfermidade e coas súas consecuencias. A pesar disto, cómpre ter presente que no ano 2023 foron 388 as persoas que faleceron por esta patoloxía, e a supervivencia aos 5 anos sitúase no 82,8%.

En Galiza leva funcionando o Programa galego de detección precoz do cancro de mama desde o ano 1992, co obxectivo explícito, tal e como recollen os propios informes do SERGAS, de lograr o diagnóstico precoz do cancro de mama, idealmente nos estadios I e II, coa fin de mellorar o pronóstico e a supervivencia á enfermidade.

Este programa estaba destinado en primeira instancia a todas as mulleres entre 50 e 64 anos, mais desde o ano 2004, ampliouse para englobar tamén ata os 74 de anos de idade. Cómpre sinalar a respecto deste programa o anuncio feito polo presidente da Xunta en xaneiro de 2023 para ampliar as idades englobadas, coa pretensión de incluír a mulleres desde os 45 anos. Este anuncio non se acompañou de maior información, sen concretar ningunha data para a súa realización, nin por suposto dos datos que avalarían este cambio.

Asinado o día 10/03/2026 ás
13:47
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 10/03/2026 ás
13:46
Por Iria Carreira Pazos





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais, cando xa van máis de 3 anos desde o anuncio, non se ten producido ningún cambio a este respecto. Tan só as declaracións da Consellería de Sanidade de que xa se está cribando a mulleres entre 45 e 49 anos no marco do proxecto “Xenoma Galicia”.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cales son os datos que avalan a proposta realizada polo presidente da Xunta de Galiza de ampliar o cribado ata os 45 anos de idade?
- Que estudos sobre a incidencia e a prevalencia desta patoloxía se teñen realizado desde a Consellería de Sanidade?
- Cales son os datos de cancros diagnosticados fóra do PGDPCM?
- Cal é a prevalencia de cancro de mama en idades fóra do PGDPCM? En que estadíos foron diagnosticados estes tumores?
- Que medidas se puxeron en marcha neste programa de cribado desde o anuncio realizado polo presidente da Xunta de Galiza?
- Cando se vai materializar ese anuncio?
- Considera o goberno galego que o uso dalgunha proba diagnóstica que poida ofrecer uns resultados equiparables aos da mamografía pero con menores efectos secundarios para as pacientes?
- Cales son os mecanismos para abranguer tamén ás persoas trans neste programa de cribado?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 10/03/2026 13:46:57

María Montserrat Prado Cores na data 10/03/2026 13:47:14



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 13:48:22
Nº Rexistro: 53117
Data envío: 10/03/2026 13:48:22.203

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 13:48:22



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 13:48:22
Nº Rexistro: 53117
Data envío: 10/03/2026 13:48:22.203

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Montserrat Valcárcel Armesto, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a política de prevención, restauración e defensa fronte aos grandes incendios forestais en Galiza, co papel das Comunidades de Montes e da comunidade científica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos Galiza viviu varias vagas de grandes incendios forestais que evidencian unha crise estrutural do modelo territorial e forestal, comparábel en intensidade ás de 2006, 2017, 2022 e 2025, cando se queimaron decenas de miles de hectáreas nun período moi curto de tempo. Só no ano 2025 arderon en Galiza 118.966 hectáreas, con 1.492 lumes rexistrados segundo datos recoñecidos pola propia conselleira do Medio Rural, aínda que as estimacións do sistema europeo EFFIS elevan a cifra por riba das 170.000 hectáreas. Estes episodios non son un accidente estatístico, senón o síntoma dunha vulnerabilidade estrutural fronte aos grandes incendios, caracterizados por velocidades e intensidades que superan a capacidade de extinción.

O marco normativo galego, en particular a Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais e os sucesivos PLADIGA, atribúe á Xunta a responsabilidade de planificar a prevención e a defensa contra os incendios. Pola súa parte, a Lei 13/1989 de montes veciñais en man común recoñece ás Comunidades de Montes plena capacidade de xestión sobre centos de miles de hectáreas, moitas delas situadas en áreas de alto risco de incendios. Non obstante, as estatísticas da propia administración confirman que a maior parte dos lumes e da superficie queimada se concentran precisamente en comarcas con forte presenza de montes veciñais,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

urbanización dispersa, masas continuas de especies pirófitas e abandono agrario, sen que exista unha reorientación a fondo do modelo territorial e forestal.

O sistema universitario galego e os centros de investigación forestal levan anos xerando coñecemento sobre dinámica da vexetación, combustibles, mosaicos agroforestais, zonas estratéxicas de xestión e restauración de áreas queimadas, así como ferramentas tecnolóxicas avanzadas de apoio á decisión (sistemas expertos, plataformas SIG, escaneado láser). Investigadores da Universidade de Vigo e da Universidade de Santiago demostraron que o que diferencia un lume devastador dun incendio menor é a estrutura e a xestión do territorio, e non só o número de medios de extinción, e desenvolveron proxectos e plataformas para identificar zonas clave de xestión, mapear riscos e planificar restauración hidrolóxico forestal. Porén, a Xunta non consolidou unha política estable de integración deste coñecemento científico na planificación oficial nin na avaliación independente dos PLADIGA e das políticas de prevención e restauración.

Esta desconexión entre discurso e realidade vese tamén na restauración dos montes queimados. Malia que en 2025 arderon preto de 119.000 hectáreas en Galiza e arredor de 42.000 corresponderon a montes públicos e de xestión pública, a Xunta exhibe como logro que interveu na restauración de pouco máis de 6.300 hectáreas, incluíndo actuacións moi puntuais como 110 hectáreas de acolchado de palla e 1.000 metros de albarradas. Isto significa que nin sequera unha de cada seis hectáreas queimadas baixo responsabilidade directa da administración autonómica recibe actuacións efectivas de restauración, malia que a comunidade científica e o CSIC veñen advertindo de que a restauración temperá e a grande escala é decisiva para evitar erosión, perda de solo, enchentes e lumes recorrentes.

As achegas das comunidades de montes, da comunidade científica, dos centros forestais e dos propios servizos de extinción converxen nunha mesma diagnose: sen modificar o modelo territorial, sen empoderar as comunidades de montes e o medio





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

rural para xestionar activamente o territorio e sen integrar sistematicamente o coñecemento xerado polas universidades e polos centros de investigación, Galiza seguirá expoñéndose a grandes incendios que poñen en risco vidas, bens, ecosistemas e economía. A Xunta ten a obriga legal e política de reorientar a súa estratexia, pasando dunha lóxica reactiva centrada na extinción e en actuacións testemuñais de restauración a unha política integral de prevención, xestión e recuperación que recoñeza o papel central das comunidades de montes, do medio rural vivo, da comunidade científica galega e dos concellos.

Desde unha perspectiva de país, cómpre avanzar cara a un monte multifuncional e un rural vivo, como leva defendendo o nacionalismo galego, no que o monte sexa ao tempo recurso económico, espazo de biodiversidade, garante de solo e auga e soporte de vida comunitaria. Iso implica deixar atrás o modelo de grandes masas de monocultivo de especies pirófitas, apostar por mosaicos agroforestais, pechar ciclos produtivos da madeira en Galiza e poñer o monte ao servizo da creación de emprego e de valor engadido no medio rural, tal e como recolle o plan ‘Da cinza á vida’ presentado polo BNG.

Diante disto, formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Cal foi a superficie total de montes públicos e de xestión pública afectada polos incendios forestais en 2025, desagregada por distrito forestal, e que superficie desa foi obxecto de actuacións de restauración hidrolóxico forestal até o 1 de marzo de 2026?

2. Que importe total destinou a Xunta de Galiza, por anualidades desde 2020, a convenios e contratos de investigación co sistema universitario galego, cos centros





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

públicos de investigación forestal e co CSIC en materia de prevención, modelización do risco, restauración posincendio e avaliación das políticas de incendios forestais?

3. En que órganos de planificación forestal, de defensa contra incendios e de protección civil están formalmente representadas as Comunidades de Montes en man común e a comunidade científica, e cantas reunións celebraron ditos órganos nos anos 2022, 2023, 2024 e 2025, indicando en cada caso a data e as entidades presentes?

4. Que avaliación realizou a Xunta da eficacia real das actuacións de restauración levadas a cabo nas máis de 6.300 hectáreas queimadas nas que interveu, incluíndo as 110 hectáreas con acolchado de palla e os 1.000 metros de albarradas, e que indicadores empregou para medir a redución do risco de erosión, enchentes e reincendios nestas zonas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Montserrat Valcárcel Armesto na data 10/03/2026 15:36:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53122
Data envío: 10/03/2026 15:38:41.037

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 15:38:41



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53122
Data envío: 10/03/2026 15:38:41.037

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Brais Ruanova Vilas-Boas, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as medidas que debe desenvolver o Goberno galego no que ten haber co investimento en innovación empresarial.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O informe "Ardán Galicia 2025", elaborado pola Cátedra Ardán do Consorcio da Zona Franca de Vigo e a Universidade de Vigo, ofrece unha radiografía esclarecedora e preocupante sobre o estado da innovación empresarial no noso país. Neste documento constátase que, malia os discursos institucionais sobre a transformación dixital e ecolóxica, Galiza segue a arrastrar debilidades estruturais que comprometen a nosa soberanía económica e a capacidade de crear emprego de calidade.

Os datos son contundentes: o esforzo en I+D interna das empresas galegas sitúase no 0,40% da cifra de negocio en 2024, unha cifra inferior á media histórica galega (0,54%) e moi lonxe dos estándares europeos de países líderes, que superan o 3%. Esta falta de investimento propio condénanos a unha dependencia tecnolóxica externa, onde a innovación é maioritariamente imitativa ou incremental (43,1% en procesos), e apenas un 2,3% das innovacións poden considerarse disruptivas ou auténticas.

Ademais, detéctase unha tripla deficiencia estrutural percibida polo conxunto empresarial que frea o potencial do noso tecido produtivo:

- **Barreiras financeiras:** O 16,6% das empresas considera o custo da innovación unha barreira elevada.

Asinado o día 10/03/2026 ás
16:13
Por Brais Ruanova Vilas-Boas



- **Fuga e escaseza de talento:** O 19,1% das empresas sinala a dificultade para atraer e reter persoal cualificado como un obstáculo maior.
- **Desconexión ciencia-empresa:** Só o 34,9% das empresas coopera en I+D+i, e a colaboración con universidades é residual (10%), malia o potencial do noso sistema público de investigación.

A isto súmase unha eficiencia decrecente do investimento: o retorno económico baixou a 4,9€ por cada 1€ investido en 2024, fronte aos 7€ de 2023. Igualmente grave é a desigualdade territorial que evidencia que as políticas actuais non están a combater o despoboamento nin a fenda rural-urbana.

Así mesmo, e recoñecendo que aumentou o esforzo, no que ten haber cos recursos que se destinan a innovación e á I+D+i en xeral este investimento está moi lonxe do que marcan tódolos estándares. Os últimos datos, como o informe de converxencia do Consello Económico e Social (CES) do 2024 que indicaba como o investimento en I+D+i foi do 1,06%, moi lonxe do 2,5% ao que se debe tender.

O Goberno galego debería entender que a innovación non pode ser un luxo para unhas poucas empresas nin un elemento concentrado no arco atlántico. A innovación debe ser unha ferramenta de soberanía nacional, que garanta que o coñecemento xerado en Galiza reverta en Galiza, e que contribúa a fixar poboación en todo o territorio. As políticas actuais do Goberno galego, baseadas en incentivos dispersos e sen unha estratexia de país, demostraron ser insuficientes para cambiar esta tendencia.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cre o Goberno galego que está destinando suficientes recursos á innovación empresarial?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

- Como valora o Goberno a caída do esforzo interno das empresas en I+D+i?
Que medidas pensa despregar o Goberno para reverter isto

- Como valora o Goberno galego a caída do retorno económico da I+D+i
empresarial? Como vai reverter o Goberno esta situación?

- Como de efectivas están sendo as liñas de axuda e subvencións destinadas ao
apoio da I+D+i empresarial?

- Cantas patentes propias xeran as empresas galegas a través de liñas de axudas
públicas?

- Que medidas pensa despregar o Goberno para reter o talento nas empresas
galegas?

- Pensa o Goberno crear cláusulas antideslocalización nas axudas e subvencións
públicas?

- Pensa o Goberno crear cláusulas de xeración e mantemento do emprego nas
axudas e subvencións públicas?

- Cre o Goberno que hai que fomentar a transferencia tecnolóxica cara as
PEMES galegas?

- Pensa o Goberno favorecer dita transferencia con liñas específicas nos centros
tecnolóxicos?

- Que estratexia ten o Goberno galego para reforzar o investimento en I+D+i
empresarial até nos situar en índices semellantes aos do noso entorno?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 10/03/2026 16:13:34



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53128
Data envío: 10/03/2026 16:15:06.232

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 16:15:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 16:30:00
Nº Rexistro: 53128
Data envío: 10/03/2026 16:15:06.232

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Manuel Golpe Acuña, deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre as achegas feitas pola Xunta de Galiza aos proxectos de desenrolo da enerxía eólica mariña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En 2009, este Parlamento rexistrou un rexeitamento unánime á eólica mariña mediante iniciativa do PPdeG, unindo PP, PSdeG e BNG na defensa da pesca e marisqueo fronte á invasión competencial do Estado. O 26 de maio de 2021, aprobouse con votos de PP e PSdeG (en contra do BNG) unha PNL do Grupo Popular para promover a eólica mariña "sen dano ás actividades pesqueiras nin á preservación do ecosistema mariño".

Os POEM aprobados polo Real Decreto 150/2023 sitúan 4 dos 8 polígonos da Zona Noratlántica fronte ás costas galegas (2.114 km², 43% do total estatal), concentrando case o 47% da superficie apta en España. No segundo ciclo (consulta pública novembro 2025), o MITECO reconece que a "tecnoloxía flotante non está tan madura" e a información pesqueira é "inexistente ou incompleta", pese a iso, impulsou o borrador de orde de poxa (consulta previa 5 febreiro 2026).

Na pregunta oral do BNG no Senado o 3 de marzo de 2026, a senadora Carme da Silva interrogou ao Ministro Planas polos estudos sobre impacto da eólica nos caladoiros e ecosistemas. Planas defendeu a "compatibilidade" vía POEM, estudos conxuntos e diálogo, pero admitiu limitacións nos datos de pegada sobre a actividade pesqueira, por non dispor de datos en embarcacións de menos de 12 metros de eslora, criticou á Xunta por non remitilos e anunciou xeolocalización obrigatoria en 2026-2028, sen responder

Asinado o día 10/03/2026 ás
16:41
Por José Manuel Golpe Acuña



directamente á ausencia de avaliacións completas. As ZAPER coinciden ao 100% con caladoiros tradicionais, afectando ás migracións de anguía e cetáceos, desoves de pesca; de feito o informe principal do CSIC/IEO sobre zonas de desove da pesca (*Merluccius merluccius*) no Atlántico reconece a coincidencia destas áreas coas ZAPE fronte á costa atlántica.

A Xunta, contradíse; reclama "garantías de coexistencia" pero a conselleira de Economía urxe poxas prioritarias, ignorando a Consellaría de Mar e o sector unánime agrupado na Plataforma en Defensa da Pesca. A Directiva 2014/89/UE e Pacto Verde esixen precaución e estudos previos para a seguridade alimentaria.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Que valoración fai o Goberno galego da resposta do Ministro Planas no Senado o 3 de marzo de 2026 á pregunta do BNG sobre impacto da eólica mariña na pesca galega, nomeadamente respecto á "compatibilidade" invocada, aos POEM de segundo ciclo e á ausencia de estudos completos sobre caladoiros, ecosistemas e pegada pesqueira?

2. Presentou a Xunta datos da pegada pesqueira ao Ministerio de Pesca, como criticou Planas? Se non, cales son os plans para remitilos?

3. Que achegas concretas fixo a Xunta á consulta pública dos POEM de segundo ciclo e do borrador de orde de poxa para eólica mariña, especialmente sobre superposición con ZAPER e caladoiros galegos?

4. Concorde coa urxencia de poxas en Galiza expresada pola conselleira de Economía, ou prioriza garantías para a pesca como na resposta escrita á pregunta do BNG sobre POEM?

5. Vai apoiar a moratoria nas poxas ata informes científicos sobre impactos?





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

6. Considera que as ZAPER nos POEM respectan o consenso de 2009 deste Parlamento contra a eólica mariña sen garantías?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

José Manuel Golpe Acuña na data 10/03/2026 16:41:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 16:42:47
Nº Rexistro: 53135
Data envío: 10/03/2026 16:42:47,067

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/03/2026 16:42:47
Nº Rexistro: 53135
Data envío: 10/03/2026 16:42:47,067

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 10/03/2026 16:42:47

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Por todo isto, resulta necesario que a Xunta de Galicia recupere este proxecto estratéxico, actualice a súa documentación técnica e retome a súa tramitación co obxectivo de facelo realidade, xa que logo, a deputada e os deputados que asinan solicitan, en resposta escrita, contestación á seguinte pregunta:

Ten previsto a Xunta de Galicia recuperar o proxecto da autovía VG-47, alternativa á PO-531 co obxectivo de garantir unha conexión eficiente entre o Porto de Vilagarcía e a AP-9 a través do corredor Curro-Baión e cun acceso directo ao porto polo concello de Meis?

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2026

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 12/03/2026 17:08:12

Carlos López Font na data 12/03/2026 17:08:20

Aitor Bouza Manso na data 12/03/2026 17:08:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:10:41
Nº Rexistro: 53373
Data envío: 12/03/2026 17:10:41.653

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 17:10:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:10:41
Nº Rexistro: 53373
Data envío: 12/03/2026 17:10:41.653

CSV: BOPGDSPG-yWPTXVWgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cal é a dotación estrutural de prazas de pediatría asignadas ao Centro de Saúde das Pontes e cantas están actualmente cubertas de maneira efectiva?

Asinado o día 12/03/2026 ás
17:04
Por Elena Espinosa Mangana

Santiago de Compostela, 12 de marzo do 2026

Asinado o día 12/03/2026 ás
17:04
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 12/03/2026 17:04:41

Elena Espinosa Mangana na data 12/03/2026 17:04:47

Silvia Longueira Castro na data 12/03/2026 17:04:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:10:57
Nº Rexistro: 53374
Data envío: 12/03/2026 17:10:57,251

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 17:10:57



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:10:57
Nº Rexistro: 53374
Data envío: 12/03/2026 17:10:57,251

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a situación na que se atopa o Hospital Psiquiátrico de Conxo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Hospital Psiquiátrico de Conxo ten sido alvo de numerosas denuncias ao longo do tempo, que se manteñen e se reiteran. Neste senso, unha das denuncias máis demoledoras é que se produce após a visita do Mecanismo de Prevención da Tortura en 2017 da cal xorde un informe arrepiente.

Neste informe dáse conta de que o perfil da maioría de pacientes ingresadas neste centro non se corresponde coa concepción actual das unidades hospitalarias psiquiátricas, pois sucédense estancias de moi longa duración, con situacións claramente cronificadas, chegando a recoller o caso de persoas ingresadas durante máis de 50 anos neste centro. Estas valoracións sucédense en sucesivos informes, nos que tamén se salienta a falta de recursos para a atención extrahospitalaria e sociosanitaria das pacientes ou a profunda fenda de xénero na atención que reciben.

Mais a situación da infraestrutura e o seu funcionamento tamén dista de ser axeitada. O propio MNP recolle que o edificio se atopa “nun estado de deterioro significativo, con gran cantidade de humidades e fiestras moi deterioradas, ofrecendo condicións insalubres para a estancia de persoas”.

Após os sucesivos informes, en 2022 organizouse unha comisión multidisciplinar baixo a cal se comezaron a realizar certos cambios neste centro

Asinado o día 12/03/2026 ás
17:09
Por Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sanitario. Planificáronse algunhas obras, houbo certo incremento de persoal, realizáronse cambios no funcionamento interno,... mais todo isto ficou en suspenso despois dos cambios na Consellería e na Xerencia da área sanitaria tras as eleccións de 2024.

A día de hoxe, Conxo continúa sendo un cúmulo de despropósitos. Este mesmo mes, a CIG-Saúde denunciou a inundación dunha unidade de hospitalización, despois de numerosos avisos por goteiras que chegaron a provocar caídas de pacientes. Unha inundación que se produciu tras semanas nas que a Xerencia permitiu que pacientes e traballadoras estivesen en risco de electrocución e do posíbel derrube do falso teito, sen realizar ningunha acción preventiva.

O desleixo da Xunta de Galiza co Hospital Psiquiátrico de Conxo chega ata o punto de que incluso en zonas recentemente reformadas non se previu o paso de camas e padiolas, polo que no contexto dunha urxencia foi necesario ter que desmontar as portas para poder garantir a asistencia do paciente afecto.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral escrita:

- É consciente o goberno galego da situación do Hospital Psiquiátrico de Conxo?
- Que opinión lle merece que o MNP determine que este sexa un centro “en estado de deterioro significativo” que “ofrece condicións insalubres ás persoas”?
- Cal é o motivo polo cal a xerencia non actuou antes de que se tivese producido a inundación da planta de hospitalización? Que medidas preventivas se foron adoptando para reducir os riscos aos que estiveron expostos pacientes e persoal?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

– Cal é o motivo polo cal non se teñen realizado as obras de mellora da infraestrutura que se veñen demandando desde hai décadas?

– Considera que pode haber discriminación entre as pacientes ingresadas neste centro e as ingresadas nos outros da mesma área sanitaria?

– Cal é a razón pola que o goberno galego rexeita recomendacións feitas polo MNP nas súas sucesivas visitas ao Hospital Psiquiátrico de Conxo? Por que non están cumpridas as suxestións que si se aceptaron polo SERGAS?

– Por que este centro sanitario acumula pacientes con tempos de ingreso tan elevados? Cales son as estratexias para evitar a institucionalización de pacientes con trastornos mentais?

– Cales son os plans de desinstitucionalización postos en marcha en Conxo? Cales son os recursos comunitarios e sociosanitarios cos que contan as pacientes de Conxo para poderen ter unha alta en condicións dignas e de seguridade?

– Cales son as medidas adoptadas por parte da Consellería para garantir unha atención non discriminatoria en base ao xénero e combatendo as violencias machistas?

– Cal é o uso de contencións mecánicas neste centro hospitalario? Cantas se teñen realizado no último ano? Cal é a duración das mesmas?

– Que medidas ten contempladas o goberno galego para solucionar as graves deficiencias que ten o Hospital Psiquiátrico de Conxo que comprometen a seguridade e a boa evolución das pacientes ingresadas?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 12/03/2026 17:09:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:11:41
Nº Rexistro: 53380
Data envío: 12/03/2026 17:11:41.735

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 17:11:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:11:41
Nº Rexistro: 53380
Data envío: 12/03/2026 17:11:41.735

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Aitor Bouza Manso, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta por escrito**.

O deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Que previsión ten o Goberno galego para garantir a cobertura estable e permanente das dúas prazas de pediatría no Centro de Saúde de As Pontes?

Asinado o día 12/03/2026 ás 17:05
Por Elena Espinosa Mangana

Santiago de Compostela, 12 de marzo do 2026

Asinado o día 12/03/2026 ás 17:05
Por Aitor Bouza Manso

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Aitor Bouza Manso na data 12/03/2026 17:05:01

Elena Espinosa Mangana na data 12/03/2026 17:05:07

Silvia Longueira Castro na data 12/03/2026 17:05:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:11:46
Nº Rexistro: 53381
Data envío: 12/03/2026 17:11:46,940

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 17:11:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:11:46
Nº Rexistro: 53381
Data envío: 12/03/2026 17:11:46,940

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:36:23
Nº Rexistro: 53387
Data envío: 12/03/2026 17:36:23.520

Á Mesa do Parlamento

Sonia Vidal Lamas, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre o Plan Estratéxico da Horta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A horta constitúe historicamente un dos piares da produción agraria de Galiza e un elemento esencial do noso sistema alimentario, da economía de moitas comarcas rurais e da conservación da biodiversidade agraria. A produción hortícola galega non só abastece mercados locais e comarcais, senón que representa tamén unha oportunidade estratéxica para avanzar cara a un modelo de soberanía alimentaria, xeración de emprego e fixación de poboación no medio rural.

Porén, a realidade do sector hortícola galego continúa marcada por importantes dificultades estruturais que levan décadas sen recibir unha resposta política á altura por parte da Xunta. O minifundismo, a dispersión da terra, a falta de planificación agraria, a escasa dimensión das explotacións, a dificultade para acceder á terra ou a posición de debilidade das produtoras e produtores fronte á gran distribución seguen condicionando gravemente o desenvolvemento do sector.

Neste contexto, a Xunta de Galiza presentou o denominado Plan Estratéxico da Horta de Galiza 2023-2030 como a folla de ruta para reforzar o sector. Con todo, unha análise detallada do documento evidencia que se trata máis dun exercicio de diagnóstico e declaración de intencións que dun verdadeiro instrumento transformador para o agro galego.

O plan identifica correctamente moitos dos problemas históricos do sector, mais evita abordar as causas estruturais que os provocan e, sobre todo, non incorpora medidas

Asinado o día 12/03/2026 ás
17:34
Por Sonia Vidal Lamas





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:36:23
Nº Rexistro: 53387
Data envío: 12/03/2026 17:36:23.520

ambiciosas nin compromisos claros de investimento público que permitan mudar a realidade produtiva da horta galega.

Resulta especialmente preocupante que, malia falar de reforzar o sector, o documento non contemple instrumentos efectivos para garantir prezos xustos ás produtoras e produtores nin para reequilibrar a cadea alimentaria fronte ao enorme poder da gran distribución. Sen medidas que permitan que o valor engadido da produción quede no territorio, o futuro da horta continuará condicionado por marxes insuficientes e pola perda progresiva de explotacións.

Do mesmo xeito, o plan fai referencia á mobilización de terras agrarias, mais non establece mecanismos eficaces para facer fronte ao abandono de terras nin á crecente forestación produtiva que continúa expulsando actividade agraria en amplas zonas do país. Mentres a Xunta mantén un modelo territorial baseado na expansión do eucalipto e nunha política agraria subordinada ás directrices da PAC, resulta difícil falar dunha verdadeira estratexia para fortalecer a produción alimentaria propia.

Tampouco se observa unha aposta decidida pola soberanía alimentaria nin polo reforzo dos circuítos curtos de comercialización, nin se establecen políticas claras de compra pública de produto galego para comedores escolares, hospitais ou centros públicos, medidas que poderían supoñer un impulso inmediato para o sector.

En definitiva, o denominado Plan Estratéxico da Horta de Galiza nace cunha evidente falta de ambición política e corre o risco de converterse nun documento máis que diagnostica problemas coñecidos pero que non ofrece solucións reais nin recursos suficientes para transformar o sector.

Galiza ten condicións excepcionais para desenvolver unha horta potente, diversificada e capaz de abastecer boa parte do consumo interno do país. O que falta non é potencial nin coñecemento agronómico, senón vontade política para poñer a produción





GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:36:23
Nº Rexistro: 53387
Data envío: 12/03/2026 17:36:23.520

alimentaria no centro das políticas públicas e para defender con decisión o futuro do noso campo.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galiza debe instar á Xunta a adoptar medidas urxentes que permitan dotar de contido real unha política pública para a horta galega, garantindo a viabilidade económica das explotacións e apostando por un modelo agrario que priorice a produción de alimentos, o aproveitamento da terra e o desenvolvemento do medio rural.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

1. Considera o Goberno galego que o Plan Estratéxico da Horta conta coa dotación económica e coas ferramentas necesarias para producir unha transformación real do sector hortícola galego?
2. Que medidas concretas está a desenvolver a Xunta de Galiza para garantir prezos xustos ás produtoras e produtores de horta fronte ao poder da gran distribución?
3. Que balance fai a Xunta de Galiza do grao de aplicación do Plan Estratéxico da Horta desde a súa aprobación e que resultados reais se teñen producido ata o momento no sector?
4. Que investimentos públicos prevé a Xunta para impulsar a transformación agroalimentaria vinculada á produción hortícola e garantir que o valor engadido da produción quede no territorio?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



Asinado dixitalmente por:

Sonia Vidal Lamas na data 12/03/2026 17:34:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:36:23
Nº Rexistro: 53387
Data envío: 12/03/2026 17:36:23.520

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 17:36:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 17:36:23
Nº Rexistro: 53387
Data envío: 12/03/2026 17:36:23.520

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Silvia Longueira Castro e **Aitor Bouza Manso**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A cidade da Coruña conta con máis de vinte centros públicos de ensino, entre CEIP e IES. Esta rede está dando cobertura tanto ao alumnado da cidade como doutros concellos da contorna.

O Concello da Coruña leva a cabo as reparacións puntuais e de mantemento que son encomendas do Concello. Pero a lonxevidade dos inmobles é un dos factores que ano tras ano está a provocar que ANPAS, alumnos e profesorado estean a saír a manifestarse por acadar unhas infraestruturas dignas para a educación pública.

O pasado sábado 28 de febreiro, houbo manifestacións nalgúns cidades galegas reclamando algo que a Xunta de Galicia ven cortocircuitando desde fai tempo: reformas estruturais nos colexios que nunca chegan e acaban convertendo os edificios da educación pública en lugares que se afastan cada vez máis do que debería ser un entorno de estudo, análise e convivencia.

No Parlamento de Galicia en tódalas comisións de educación, e mesmo no Pleno, levamos iniciativas reclamando que se acometan obras na maioría dos edificios públicos educativos. E sempre obtemos ou ben respostas de fuxida cara adiante ou unha serie de datos nos que falan de contías que abranguen períodos determinados pero non unha información coherente, que nos indique que as nosas peticións serán tidas en conta, ou cando van ser atendidas.

Asinado o día 12/03/2026 ás
17:58
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 12/03/2026 ás
17:57
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Descoñecemos os criterios que actúan sobre a decisión de realizar as obras solicitadas por un centro ou por outro. Descoñecemos se terán algunha planificación sobre usos futuros ou accións concretas sobre os centros. E descoñecemos cando será a quenda para un colexio determinado, da nosa cidade, para acadar a solución ás necesidades. E mesmo se estamos a ser xustos, solicitando da Xunta a súa intervención cando levan invertido unha cantidade determinada de cartos nun centro concreto.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cantos cartos destinou a Xunta de Galicia, nos últimos 17 anos, a mellorar as instalacións do CEIP Zalaeta, na rúa Curros Enríquez, da Coruña?

Santiago de Compostela, 12 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 12/03/2026 17:57:59

Aitor Bouza Manso na data 12/03/2026 17:58:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 18:04:02
Nº Rexistro: 53390
Data envío: 12/03/2026 18:04:02.678

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 18:04:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 18:04:02
Nº Rexistro: 53390
Data envío: 12/03/2026 18:04:02.678

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Silvia Longueira Castro e Aitor Bouza Manso, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A cidade da Coruña conta con máis de vinte centros públicos de ensino, entre CEIP e IES. Esta rede está dando cobertura tanto ao alumnado da cidade como doutros concellos da contorna.

O Concello da Coruña leva a cabo as reparacións puntuais e de mantemento que son encomendas do Concello. Pero a lonxevidade dos inmobles é un dos factores que ano tras ano está a provocar que ANPAS, alumnos e profesorado estean a saír a manifestarse por acadar unhas infraestruturas dignas para a educación pública.

O pasado sábado 28 de febreiro, houbo manifestacións nalgúns cidades galegas reclamando algo que a Xunta de Galicia ven cortocircuitando desde fai tempo: reformas estruturais nos colexios que nunca chegan e acaban convertendo os edificios da educación pública en lugares que se afastan cada vez máis do que debería ser un entorno de estudo, análise e convivencia.

No Parlamento de Galicia en tódalas comisións de educación, e mesmo no Pleno, levamos iniciativas reclamando que se acometan obras na maioría dos edificios públicos educativos. E sempre obtemos ou ben respostas de fuxida cara adiante ou unha serie de datos nos que falan de contías que abranguen períodos determinados pero non unha información coherente, que nos indique que as nosas peticións serán tidas en conta, ou cando van ser atendidas.

Asinado o día 12/03/2026 ás
17:59
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 12/03/2026 ás
17:59
Por Silvia Longueira Castro

Grupo Parlamentario Socialista
Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal
Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://www.instagram.com/socialistas_gal)



Descoñecemos os criterios que actúan sobre a decisión de realizar as obras solicitadas por un centro ou por outro. Descoñecemos se terán algunha planificación sobre usos futuros ou accións concretas sobre os centros. E descoñecemos cando será a quenda para un colexio determinado, da nosa cidade, para acadar a solución ás necesidades. E mesmo se estamos a ser xustos, solicitando da Xunta a súa intervención cando levan invertido unha cantidade determinada de cartos nun centro concreto.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cantos cartos destinou a Xunta de Galicia, nos últimos 17 anos, a mellorar as instalacións do CIFP Anxel Casal, no paseo Alcalde Francisco Vázquez, da Coruña?

Santiago de Compostela, 12 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / [@socialistas_gal](https://twitter.com/socialistas_gal)



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 12/03/2026 17:59:13

Aitor Bouza Manso na data 12/03/2026 17:59:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 18:05:54
Nº Rexistro: 53394
Data envío: 12/03/2026 18:05:54.257

CSV: BOPGDSPG-yWPTXVWgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 18:05:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 18:05:54
Nº Rexistro: 53394
Data envío: 12/03/2026 18:05:54.257

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Silvia Longueira Castro e **Aitor Bouza Manso**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A cidade da Coruña conta con máis de vinte centros públicos de ensino, entre CEIP e IES. Esta rede está dando cobertura tanto ao alumnado da cidade como doutros concellos da contorna.

O Concello da Coruña leva a cabo as reparacións puntuais e de mantemento que son encomendas do Concello. Pero a lonxevidade dos inmobles é un dos factores que ano tras ano está a provocar que ANPAS, alumnos e profesorado estean a saír a manifestarse por acadar unhas infraestruturas dignas para a educación pública.

O pasado sábado 28 de febreiro, houbo manifestacións nalgúns cidades galegas reclamando algo que a Xunta de Galicia ven cortocircuitando desde fai tempo: reformas estruturais nos colexios que nunca chegan e acaban convertendo os edificios da educación pública en lugares que se afastan cada vez máis do que debería ser un entorno de estudo, análise e convivencia.

No Parlamento de Galicia en tódalas comisións de educación, e mesmo no Pleno, levamos iniciativas reclamando que se acometan obras na maioría dos edificios públicos educativos. E sempre obtemos ou ben respostas de fuxida cara adiante ou unha serie de datos nos que falan de contías que abranguen períodos determinados pero non unha información coherente, que nos indique que as nosas peticións serán tidas en conta, ou cando van ser atendidas.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

Asinado o día 12/03/2026 ás
18:00
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 12/03/2026 ás
18:00
Por Silvia Longueira Castro



Descoñecemos os criterios que actúan sobre a decisión de realizar as obras solicitadas por un centro ou por outro. Descoñecemos se terán algunha planificación sobre usos futuros ou accións concretas sobre os centros. E descoñecemos cando será a quenda para un colexio determinado, da nosa cidade, para acadar a solución ás necesidades. E mesmo se estamos a ser xustos, solicitando da Xunta a súa intervención cando levan invertido unha cantidade determinada de cartos nun centro concreto.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cantos cartos destinou a Xunta de Galicia, nos últimos 17 anos, a mellorar as instalacións do CIFP Paseo das Pontes, na rúa San Pedro de Mezonzo, da Coruña?

Santiago de Compostela, 12 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 12/03/2026 18:00:06

Aitor Bouza Manso na data 12/03/2026 18:00:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 18:07:07
Nº Rexistro: 53398
Data envío: 12/03/2026 18:07:07,594

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 18:07:08



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 18:07:07
Nº Rexistro: 53398
Data envío: 12/03/2026 18:07:07.594

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Silvia Longueira Castro e **Aitor Bouza Manso**, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **por escrito**.

A cidade da Coruña conta con máis de vinte centros públicos de ensino, entre CEIP e IES. Esta rede está dando cobertura tanto ao alumnado da cidade como doutros concellos da contorna.

O Concello da Coruña leva a cabo as reparacións puntuais e de mantemento que son encomendas do Concello. Pero a lonxevidade dos inmobles é un dos factores que ano tras ano está a provocar que ANPAS, alumnos e profesorado estean a saír a manifestarse por acadar unhas infraestruturas dignas para a educación pública.

O pasado sábado 28 de febreiro, houbo manifestacións nalgunhas cidades galegas reclamando algo que a Xunta de Galicia ven cortocircuitando desde fai tempo: reformas estruturais nos colexios que nunca chegan e acaban convertendo os edificios da educación pública en lugares que se afastan cada vez máis do que debería ser un entorno de estudo, análise e convivencia.

No Parlamento de Galicia en tódalas comisións de educación, e mesmo no Pleno, levamos iniciativas reclamando que se acometan obras na maioría dos edificios públicos educativos. E sempre obtemos ou ben respostas de fuxida cara adiante ou unha serie de datos nos que falan de contías que abranguen períodos determinados pero non unha información coherente, que nos indique que as nosas peticións serán tidas en conta, ou cando van ser atendidas.

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**

Asinado o día 12/03/2026 ás
18:01
Por Aitor Bouza Manso

Asinado o día 12/03/2026 ás
18:01
Por Silvia Longueira Castro



Descoñecemos os criterios que actúan sobre a decisión de realizar as obras solicitadas por un centro ou por outro. Descoñecemos se terán algunha planificación sobre usos futuros ou accións concretas sobre os centros. E descoñecemos cando será a quenda para un colexio determinado, da nosa cidade, para acadar a solución ás necesidades. E mesmo se estamos a ser xustos, solicitando da Xunta a súa intervención cando levan invertido unha cantidade determinada de cartos nun centro concreto.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta:

Cantos cartos destinou a Xunta de Galicia, nos últimos 17 anos, a mellorar as instalacións do CIFP Imagen y Sonido, no lugar de Someso, da Coruña?

Santiago de Compostela, 12 de marzo do 2026

Grupo Parlamentario Socialista

Correo gp-socialista@parlamentodegalicia.gal

Teléfono 985 55 15 30 / **@socialistas_gal**



Asinado dixitalmente por:

Silvia Longueira Castro na data 12/03/2026 18:01:08

Aitor Bouza Manso na data 12/03/2026 18:01:15



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 18:08:17
Nº Rexistro: 53402
Data envío: 12/03/2026 18:08:17.180

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 18:08:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 18:08:17
Nº Rexistro: 53402
Data envío: 12/03/2026 18:08:17.180

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, relativa ás medidas a tomar para prestar unha atención de calidade ás persoas doentes da Enfermidade de Huntington.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Enfermidade de Huntington é unha enfermidade que está determinada xeneticamente. A mutación que produce a enfermidade depende do tamaño da expansión dunha zona do xene e, se a expansión é moi grande, a enfermidade aparece antes e é máis grave; se está nun rango máis baixo, a enfermidade aparece máis tarde. A idade de inicio medio é de 40, 45 anos, sendo ese o pico de maior incidencia. Hai unha distribución que pode ir desde idade infantil ata persoas anciás.

A enfermidade afecta ao cerebro e produce síntomas motores con corea (movementos), distonía, posicións anormais, perda de coordinación, lentitude, rixidez, parkinsonismo, inestabilidade postural así como problemas cognitivos e psiquiátricos.

Non hai ningún fármaco a día de hoxe que modifique o pronóstico, só hai tratamentos sintomáticos. Aproximadamente a metade das persoas afectadas están con tratamentos antidopaminérxicos e, xa sexa para tratar a corea ou para tratar síntomas de conduta ou ámbalas dúas cousas, tamén están con fármacos antipsicóticos.

O grao de supervivencia pode ser variable, máis ou menos uns 20 anos. Polo xeral, a morte acostuma producirse por accidente, como unha caída ou unha pneumonía por aspiración. Os datos de prevalencia no Estado español, segundo o rexistro de enfermidades raras, son de 1.594 casos. Hai estudos de prevalencia por comunidades pero probablemente os datos estean nesgados, porque ou ben non se contabilizan como



tal as persoas doentes de Huntington ou a enfermidade non figura como tal no diagnóstico.

A Enfermidade de Huntington é unha enfermidade moi complexa, porque a cantidade de síntomas que aglutina é realmente extensa e, ademais, afecta áreas moi comprometedoras da calidade de vida das persoas afectadas: ten un impacto condutual, un impacto cognitivo e un impacto psíquico, polo que ven moi diminuídas as súas capacidades funcionais.

Esta é unha enfermidade hereditaria xenética e, ademais, neurodexenerativa. Isto supón que é moi raro que, nunha familia con Huntington, se atope só unha persoa afectada. É unha enfermidade de xeracións, de persoas que coidan pero tamén que xa coidaron a xeracións anteriores, ou están coidando ao seu home/muller, e quizais ao mesmo tempo a un fillo ou filla, sabendo que ao mellor hai netos ou netas coa posibilidade de herdar esta mesma enfermidade. Isto unido a unha esperanza de vida de entre 15/20 anos, fai que o panorama que teñen estas familias por diante é devastador, xa que convivir con todos estes síntomas é realmente un reto.

Neste momento non existe ningún tratamento que cure a enfermidade, pero tamén é certo que a calidade de vida das persoas con Huntington vese directamente influenciada polos coidados, atencións e servizos aos que poden optar. É unha enfermidade que, incluso se a día de hoxe estás san, condiciona a túa vida, porque vivir sabendo que tes un 50% de probabilidades de herdar esta patoloxía e estar vendo sufrir e deteriorarse á persoa ou unha das persoas que máis queres, condiciona profundamente a túa saúde emocional, mental e os teus plans de vida. Ese manexo da incerteza, someterse ou non a un test predictivo para saber se nun futuro vas desenvolver a enfermidade, sen saber cando nin de que maneira, planificar se vas ter descendentes ou non.... é extremadamente difícil.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

A día de hoxe, existen probas xenéticas dispoñíbeis e fiábeis a nivel de diagnóstico e a nivel predictivo nas comunidades autónomas, incluída Galiza; tamén hai programas de asesoramento xenético para a Enfermidade de Huntington. Existe a posibilidade de acceder a técnicas de reprodución asistida con diagnóstico xenético pre-implantación en todo o Estado; coa incorporación da eutanasia ao sistema de saúde xa houbo pacientes con esta enfermidade que puideron exercer ese dereito.

Pero seguen quedando moitos cuestións sen atender, por exemplo, a nivel asistencial, esta enfermidade é unha das neurodexenerativas para a que un menor número de comunidades autónomas teñen implantados e operativos programas integrais de atención. Atopámonos tamén cos altos tempos de espera para a valoración dos graos de discapacidade e dependencia. Non hai plans individualizados de atención as persoas doentes, nin programas de rehabilitación específicos que axuden a minorar os problemas de desenvolvemento na súa vida cotián.

Ao igual que coa ELA se ten demostrado un forte compromiso e unha capacidade de acción que cambiou a abordaxe desta enfermidade, que tamén é minoritaria, as persoas e familias afectadas pola Enfermidade de Huntington fan un chamamento para que poidan recibir ese mesmo trato xusto, necesario e que supón un dereito asistencial.

Por todo isto formúlase a seguinte preguntas para resposta escrita:

Ten posto a Xunta de Galiza en marcha accións precisas para prestar unha atención integral, multidisciplinar e de calidade as persoas con Enfermidade de Huntington?

Dadas as características desta doenza, non considera precisa a creación dunha Rede de Atención Integral e Multidisciplinar?



Vai establecer centros de referencia especializados en EH con equipos formados por neurólogos, psiquiatras, psicólogos, fisioterapeutas, terapeutas ocupacionais e traballadores sociais?

Considera que as persoas con Enfermidade de Huntington teñen garantido o acceso a tratamentos farmacolóxicos e rehabilitación motora, cognitiva e da fala en todas as fases da enfermidade?

Non lle parece necesaria a formación Especializada para Profesionais Sanitarios e Sociais?

Considera que o Sergas ten recursos para realizar o reforzo do apoio psicolóxico e grupos de axuda mutua que estes doentes precisan?

Coida que dispoñen de suficiente apoio para a promoción da autonomía e axudas técnicas, cadeiras de rodas, dispositivos de comunicación, adaptacións do fogar e terapias de rehabilitación?

Parécelle acaida a coordinación sociosanitaria e atención a fases avanzadas existente?

Non lle parece precisa a creación dun Rexistro Galego da Enfermidade de Huntington, que permita coñecer a prevalencia real, planificar recursos e facilitar a investigación epidemiolóxica?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica.



Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 12/03/2026 18:08:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 18:09:47
Nº Rexistro: 53407
Data envío: 12/03/2026 18:09:47,847

CSV: BOPGDSPG-yWPTXxVgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 12/03/2026 18:09:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/03/2026 18:09:47
Nº Rexistro: 53407
Data envío: 12/03/2026 18:09:47,847

CSV: BOPGDSPG-yWPTXVWgd-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR

2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

